

PLAN DE CONVIVENCIA 2023/2024



Copyright 2014



Subida ao Cemiterio
de Puxeiros, 28-Cabral
36318 Vigo

Telf. /Fax 986 376 288
cpr.sanblas@edu.xunta.es

www.colegiovistalegre.com

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN	6
2. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.	7
2.1 COMPOSICIÓN	7
2.2 ATRIBUCIÓNS	8
2.3 FUNCIONAMENTO	9
2.4 MECANISMOS DE COORDINACIÓN	9
3. CONTEXTUALIZACIÓN E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO	10
3.1 ANÁLISE CONCEPTUAL	10
3.2 ANÁLISE DOS DIFERENTES CONTEXTOS	10
3.3 ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL E DAS ACCIÓNS LEVADAS A CABO	11
3.3.1 Análise dos cuestionarios de educación Primaria (alumnos/as)	11
3.3.2 . Análise dos cuestionarios de Educación Secundaria Obrigatoria (alumnos/as)	16
3.3.3 Análise dos cuestionarios cubertos polas familias	21
3.3.4 Análise dos cuestionarios cubertos polo profesorado	24
3.4 DETECCIÓN DE NECESIDADES	26
4. PLAN DE ACTUACIÓN	30
4.1 OBXECTIVOS	30
4.1.1 Xerais	30
4.1.2 Específicos	30
4.2 ACTUACIÓNS	31
4.2.1 Aprobar o plan de Convivencia no marco do PEC	31
4.2.2 Posta en marcha anual do Plan de Convivencia.	31
4.2.3 Dar a coñecer o Plan de Convivencia ao alumnado.	32
4.2.4 Dar a coñecer o Plan de Convivencia aos pais/nais dos alumnos/as.	32
4.2.5 Concienciar ás familias de que a súa colaboración e participación co profesorado é necesaria para o desenvolvemento dunha boa convivencia no centro.	33



4.2.6 Concienciar ao alumnado de que a súa colaboración e participación é necesaria para o desenvolvemento dunha boa convivencia no centro.	34
4.2.7 Potenciar condutas positivas no alumnado para lograr unha boa convivencia no centro fomentando o contacto entre alumnado de diferentes cursos con diversas actividades.	35
4.2.8 Coordinar charlas sobre temas formativos e informativos.	36
4.2.9 Favorecer unha relación colexio/familia positiva.	36
4.2.10 Aprendizaxe de estratexias de resolución de conflitos	36
4.3 MEDIDAS CORRECTIVAS PARA O FOMENTO DA CONVIVENCIA DO CENTRO:	37
4.3.1. Comunicación co alumno para modificar a conducta disruptiva:	37
4.3.2 Promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero:	37
4.3.3. As consecuencias naturais:	39
4.3.4. Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias:	39
4.3.5. Aula de Convivencia Inclusiva :	39
4.4 PROTOCOLOS.	40
4.4.1 Protocolo de envío á Aula de Convivencia Inclusiva	40
4.4.2 Protocolo do/a profesor/a de garda na Aula de Convivencia Inclusiva	41
4.4.3 Protocolo de actuación no proceso de mediación con titores persoais	42
4.4.4 Protocolo de actuación cos alumnos/as que presentan alteracións de comportamento. (falta grave ou acumulación de faltas leves)	42
4.4.5 Protocolo de actuación ante unha situación de posible intimidación e/ou acoso escolar ou ciberacoso entre iguais.	44
4.4.6 Protocolo de identidade de xénero	48
5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA	50
5.1 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	50
5.1.1 Participación do profesorado	50
5.1.2 A participación dos pais/nais	51
5.1.3 A participación dos alumnos/as	52
5.1.4 Participación do persoal de administración e servizos	52
5.1.5 Espazos e tempos	52
5.1.6 Uso do Centro	55



5.1.7 Corredores e escaleiras	55
5.1.8 Material	56
5.1.9 Aulas	57
5.1.10 Recreos	58
5.1.11 Servizos	59
5.1.12 Normas de utilización da aula de Informática	60
5.1.13 Normas de utilización da Biblioteca	60
5.1.14 Normas de comedor escolar	61
5.1.15 O uniforme escolar	61
5.1.16 Uso de teléfonos móbiles e aparellos electrónicos de son e imaxe e uso de internet.	62
5.1.17 Medicamentos, alerxias ou outro tipo de enfermidades.	63
5.1.18 Alcohol, tabaco e outras drogas.	64
5.1.19 Asistencia a clase e xustificación de faltas.	65
5.1.21 Delegados/Encargados de grupo-aula	66
5.1.22 Normas de comportamento fóra do recinto escolar:	67
5.2 NORMAS DE CONVIVENCIA	67
5.2.1 Dereitos e deberes do alumnado	67
5.2.2 Dereitos e deberes do profesorado	68
5.2.3 Dereitos e deberes das familias/titores legais	70
5.3 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	73
5.3.1 Gradación das medidas correctoras	73
5.3.1.1 Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:	73
Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.	76
5.3.1.2 Son condutas leves contrarias á convivencia nos centros docentes: (prescriben ao trimestre da súa comisión)	76
AGRAVANTES, ATENUANTES.	79
LEVANTAMENTO DE SANCIÓN	79
6. TIPIFICACIÓN DE FALTAS E SANCIÓN	80



6.1 FALTAS LEVES	80
6.2 FALTAS GRAVES:	85
7. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	85
8. ANEXOS	87



1. XUSTIFICACIÓN

Na cultura dos centros prodúcese, en ocasións, unha ruptura da convivencia. Isto leva á necesidade de entender as causas profundas de este problema, xa que só así atoparemos as condicións adecuadas de atendelo. Debemos ter en conta tanto o ámbito puramente escolar como o plano social máis amplo, xa que non deberíamos esquecer que os problemas de convivencia son tamén un reflexo do tipo de sociedade na que teñen lugar.

Rojas Marcos (1996), fai unha análise moi suxerinte respecto á relación entre violencia e a racionalización: *“Na nosa cultura exaltase a rivalidade e admirase o triunfo conseguido en situacións de enfrontamento, que sempre requiren un vencedor e un vencido. A crenza de que o antagonismo e a pugna son elementos necesarios e desexables en tódalas actividades da vida diaria está profundamente presente na sociedade occidental. O argumento de que vivimos nunha loita continua na que os fortes sobreviven mentres os débiles perecen no intento, é promulgado sen cesar polos medios de comunicación... nos tratados de historia, no cine, teatro e na letra dalgunhas cancións.”*

Dentro do plano educativo, un modo razoable de crear nun centro un ambiente de convivencia pacífico consistirá no tratamento dos conflitos como elemento a regular na organización do propio centro.

Tendo en conta as investigacións de autores como Galtung (1998), Lederach (1984, 1998, 1996), e Fisher e Ury (1996), sobre os conflitos de convivencia en contextos educativos, podemos concluír que a convivencia pacífica non é aquela na que non existen conflitos se non máis ben a situación en que os conflitos se solucionan de xeito non violento.

Crear un clima de convivencia pacífica no centro consistirá, polo tanto, en dedicar atención especial o tratamento dos conflitos.

Neste senso, queremos entender a convivencia como un proceso, creativo e respectuoso con todos, para resolver conflitos, xa sexa evitando a súa aparición ou a súa escalada cando se produciron.

Non queremos limitar a convivencia a elementos organizativos, senón tamén e, sobre todo, desenvolver contidos que contribúan á formación íntegra do alumnado, tales como valores e habilidades de comunicación e de relación social.

Agora ben, inda que se leve a cabo unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, xa que son propios de calquera sistema de relacións humanas, o



que se pretende no Plan de Convivencia, a través da prevención e a intervención para a solución pacífica de conflitos, é contribuír dun xeito formal a reducilos.

Tentamos formar para a paz e rexeitamos a violencia, polo tanto é unha esixencia inescusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar. Pretendemos que os nosos alumnos/as se formen para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade. Polo tanto intentaremos acadar un ensino de calidade que abrangue a todos os niveis e a todo o alumnado. Isto levará ao noso alumnado a formarse como persoas competentes para desenvolverse na vida, abertas aos cambios e innovacións, tolerantes ante as diferenzas tanto individuais como culturais ou relixiosas. Mostrarán un respecto polo medio ambiente e pola súa herdanza cultural e lingüística, pero estarán sempre abertos ao descubrimento doutras realidades e culturas. Farémolos responsables das súas actuacións no ámbito persoal e social, conscientes da igualdade entre homes e mulleres e motivarémolos para que avancen na súa formación persoal, social, intelectual e laboral.

2. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

A comisión para a convivencia do CPR San Blas-Vista Alegre, traballa co fin de reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia, propoñer e, de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

As normas de convivencia recollidas no noso plan de convivencia terán carácter educativo e contribuirán a crear o adecuado clima de respecto, así como de responsabilidade e esforzo na aprendizaxe, necesario para o funcionamento do centro. Estas normas favorecerán a convivencia, o respecto, a tolerancia, o exercicio efectivo dos dereitos e o cumprimento dos deberes, a igualdade entre homes e mulleres, así como a convivencia no centro e a prevención e loita contra o acoso escolar e a LGBTIfobia. Unha vez aprobados, serán obrigatorios para todos os membros da comunidade educativa. Faranse públicos a través da páxina web do centro.

2.1 COMPOSICIÓN

Segundo as indicacións da Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa e do Decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro, a comisión de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes. Estará composta por



representantes do alumnado, profesorado, familias, persoal de administración e servizos, e tamén por un representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción do consello escolar. Será presidida polo director-a e uns dos integrantes actuará de secretario-a, quen levantará acta das reunións. Corresponde á dirección nomear aos integrantes por proposta dos colectivos representados. **Así pois, a comisión de convivencia no Colexio San Blas-Vista Alegre está integrada:**

Comisión de convivencia

Presidenta	Secretario
Seoane Lomba, Mónica	Pedro Carrero Ocampo
Xefa Departamento de Orientación	
Ana Maceira Boullosa	
Representantes da Titularidade	Representantes dos profesores/as
Lomba Martinez, Mercedes	Silva Pereira, Rosana
Hernández Román, Eva María	Giráldez de las Heras, Andrea
Méndez Álvarez, María Victoria	González Castro, Pablo
Seoane Lomba, Carlos	Lorenzo Boullosa, Iris
Representantes dos país e nais	Representantes dos alumnos/as
Andrea Barciela Soliño	Abel Cacabelos Rodríguez
Pablo Fernández Vilariño	Raúl Sotelo Silva
Trinidad Bugarín Leiros	Pérez Abalde, Ana
Representantes do persoal de administración e servizos	
Maceira Boullosa, Guillermo	

2.2 ATRIBUCIÓN

Segundo o Decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro as atribucións comisión de convivencia do centro serían:

- Elaborar o plan de convivencia do centro
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Fomentar a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar medidas para mellorar a convivencia.



- Propora o director ás persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras impostas e informar ao consello escolar do grao de cumprimento da normativa vixente.
- Elaborar unha memoria anual da análise da convivencia.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Estudar con urxencia os problemas que puideran producirse.

2.3 FUNCIONAMENTO

O seu funcionamento será en pleno, e celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por cada trimestre, e de carácter extraordinario, cantas veces sexa convocado pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Tamén elaborará un informe que recollerá as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados acadados.

A comisión de convivencia poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor, do educador social do concello ou doutros profesionais ou asociacións educativas que poidan colaborar na mellora da convivencia.

2.4 MECANISMOS DE COORDINACIÓN

Procurarase que todos os axentes implicados no plan de convivencia: profesorado, consello escolar, departamento de orientación, alumnado, persoal non docente e equipo directivo estean en permanente contacto verbal ou por escrito, incluso por medios telemáticos, para coordinar as actuacións tanto de prevención, como de corrección de condutas, como de formación.

Incluirase como punto a tratar nas reunións de equipos docentes a supervisión e evolución do plan de convivencia, poñendo en común os casos tratados para coñecemento de todos, de cara a adoptar estratexias conxuntas na resolución de conflitos. O mesmo rexerá para as reunións de departamentos e titores na ESO. No seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e acordos adoptados, de



conformidade co plan de convivencia. Eses acordos ou medidas serán recollidos tamén pola comisión de coordinación pedagóxica para incluílos nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a súa coherencia co PEC e a PXA.

3. CONTEXTUALIZACIÓN E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

3.1 ANÁLISE CONCEPTUAL

A adecuada convivencia no centro é unha condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa e daquela no seu contorno e, consecuentemente, para a consecución dos obxectivos do Centro.

A convivencia considerámola como un fin educativo a traballar. Un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo o proceso educativo. Agora ben, para mellorar a convivencia no Centro e para lograr un clima participativo, democrático e de aprendizaxe debemos fomentar a participación dos distintos sectores da Comunidade Educativa.

Consideramos fundamental que se respire no noso Centro un clima de convivencia harmónico, e facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados.

3.2 ANÁLISE DOS DIFERENTES CONTEXTOS

a) Características socioeconómicas da contorna

O nivel de estudos dos pais é medio - baixo na maioría. A maioría dos nosos alumnos/as non abandonan os seus estudos o rematar a ESO, senón que continúan os mesmos facendo algún dos diversos Ciclos Formativos que se lles ofrece (44%), ou Bacharelato (48%). Un baixo porcentaxe (8%) non teñen intención de rematar a ESO e continúan a súa formación.

b) Características do centro

O centro educativo San Blas Vista Alegre é un centro onde se imparte Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Ten tres unidades de Infantil, seis de Primaria e catro de Secundaria. Está situado nun entorno rural. O alumnado chega ao centro en bus urbano, acompañado dos pais en coche ou a pé.




3.3 ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL E DAS ACCIÓNS LEVADAS A CABO


Para isto os integrantes da comisión de convivencia do colexio baseámonos na análise dos resultados dos cuestionarios elaborados para tal fin (*figuran no anexo*), así como a análise das incidencias rexistradas ao longo do curso ademais das medidas levadas a cabo ata o momento.

3.3.1 Análise dos cuestionarios de educación Primaria (alumnos/as)

Como te sentes tratado por compañeiros/as?




Sénteste feliz no colexio?





Sobre como se senten tratados polos compañeiros/as o alumnado enquisados responden nun 79% ben.

Hai que ter en conta que o 14% e 7% responde regular e mal, pero como se pode observar na gráfica da dereita, a maioría do alumnado de Primaria síntese feliz no colexio. De todos xeitos, haberá que ter en conta medidas preventivas de detección do acoso escolar e situacións de conflito.

Como cres que se levan os profesores e profesoras entre eles?



A percepción que o alumnado de primaria ten respecto ao ambiente nas relacións entre os membros do claustro é boa. Isto é importante, xa que un clima que se proxecta como favorable entre os membros da comunidade educativa adulta, é un bo exemplo á hora de modelar o comportamento dos nosos alumnos/as.




Como cres que se levan os teus pais cos profesores/as?

Como vos portades cos profesores/as?

Sen embargo os pais/nais dan unha imaxe aos seus fillos/as sobre a relación cos mestres e mestras non tan positiva como se podería esperar, xa que un 43% estaría entre regular e mal.


Por outra banda, unha porcentaxe considerable, 75% do alumnado, afirman levarse regular co profesor/a.

Cabería preguntarse, ¿Hai algunha relación entre a visión que teñen algunhas familias do profesorado e o comportamento dos alumnos/as cos mesmos?. De ser así, poderíamos establecer a hipótese de que as estratexias de achegamento e colaboración coas familias repercutirá positivamente no comportamento do alumnado. Podería ser unha liña a investigar dende a comisión, a través da creación de canles de comunicación familia - centro, e facendo ao mesmo tempo un seguimento da actuación dos seus fillos no ámbito da convivencia no centro.




Como tratan os alumnos e alumnas o material do colexio?

En canto ao coidado do material, o alumnado de primaria responde máis da metade regular-mal. Isto, como se verá posteriormente, nos alumnos/as de secundaria aumenta considerablemente.



Hai nenos/as que insultan ou se meten con outros?




Cantas veces se meteron contigo dende principio de curso?


O acoso e as condutas violentas maniféstanse con máis intensidade nos últimos anos da primaria e primeiros da secundaria. A maioría dos casos adoitan ser episodios illados de violencia escolar sen chegar ao acoso.

Para facer un primeiro achegamento á situación do noso colexio, na enquisa de primaria incorporáronse unha serie de cuestións relacionadas con estes aspectos. As gráficas anteriores ofrecen datos sobre a percepción destas condutas polos alumnos/as de primaria.

Tendo en conta as gráficas anteriores hai un 11% de alumnado que afirma que se meteron con el/ela moitas veces. A metade nunca foron vítimas de situacións de violencia verbal pero si observadores destas condutas (75%).



Hai nenos ou nenas que pegan a outros?




Cantas veces che pegaron compañeiro/as dende principio de curso?

A anterior situación repítese, con algúns cambios importantes, cando se fala de violencia física.

Cando a conduta violenta aumenta en intensidade (violencia física), aumenta tamén a porcentaxe de alumnado que afirma non saber se hai nenos/as que pegan a outros (25%). Pero o número de vítimas destas agresións, que se dan illadamente, xa que ningún alumno afirma ser vítima de xeito reiterado; diminúe respecto as agresións verbais.

O illamento social tivo os seguintes resultados a través das respostas a preguntas como se hai nenos/as que están sempre sos e o número de veces que o enquisado se sentiu así.




Hai nenos ou nenas que sempre están sos e ninguén quere xogar con eles/elas?

Hai unha conciencia xeneralizada (43%) de que existen alumnos/as que están nunha situación de illamento social por parte dos compañeiros/as. Na seguinte gráfica pódese intuír cal é a porcentaxe deste alumnado. De novo aparece a resposta “non sei” nun 31%; isto podería interpretarse por unha despreocupación sobre a situación doutros compañeiros/as.

Cando se pregunta pola situación persoal respecto a integración no grupo estes son os resultados.


Cantas veces te sentiches só dende principio de curso?



Comprobamos que un 11% afirma que moitas veces (non é unha porcentaxe grande, tendo en conta o número de alumnos enquisados). A maioría responde nunca. Faltaría analizar deste 11% as causas que orixinan esta situación; intrínsecas ao individuo, extrínsecas ou ámbalas dúas co fin de adaptar a intervención de xeito individual ou a todo o grupo.

3.3.2 . Análise dos cuestionarios de Educación Secundaria Obrigatoria (alumnos/as)

Respecto a como perciben a relación co profesorado os alumnos/as responderon segundo se mostra no seguinte gráfico.




Como te levas cos profesores/as en xeral?

Máis da metade responden ben/moi ben, e só un 3% responde mal. Non é mal resultado dada a idade e etapa evolutiva na que se atopan estes alumnos/as e

Por todos/as é sabido a importancia que os/as adolescentes dan a como son percibidos e valorados polos iguais e da importancia que isto ten para a súa autoestima, tan esencial para ser capaces de saír airosos dalgún conflito. Esta percepción pode ser causa potencial de moitos conflitos no momento que unha gran maioría non se sinta aceptado polos demais. Creando situacións de marxinación e/ou formando grupiños como mecanismo de defensa fronte o grupo grande.


Que opinión cres que teñen de ti os/as teus / túas compañeiros/as?



Como podemos observar a gran maioría sítense aceptados, aínda que con receo, xa que un 79% resposta ben pero ninguén respondeu moi ben. Algo probable é que a nivel de grupo grande non exista tanta comunicación empática como nos subgrupos que se forman e ante unha pregunta tan xeral a maioría se posiciona entre regular e ben. De todos xeitos non debemos esquecer a ese 3% de alumnado que non se considera aceptado polos demais.

Respecto a como perciben a opinión que teñen deles os/as profesores/as obtivemos os seguintes resultados.


Que opinión cres que teñen de ti os teus/túas profesores/as?



Un 39% afirma que boa, un 3% afirma que moi boa e a maioría posiciónase en regular. É dicir, a maior parte do alumnado cre que ten unha imaxe entre boa ou aceptable no profesorado. Pódese dicir entón que os conflitos son puntuais e non froito dunha relación tensa entre profesorado e alumnado. Agora ben, debemos atallar estes conflitos para que non prexudique a relación profesor - alumno.

Consideramos que agora sería o momento para contrastar un aspecto da enquisa a profesores/as; concretamente o que fala sobre como percibe o profesor/a a opinión que suscita no alumnado.

Que opinión crees que ten de ti o alumnado?




A maioría respondeu nin boa nin mala (72%). Poderíamos especular algúns motivos; descoñecemento desta opinión, non interesarse pola opinión que xeramos nos alumnos/as, posicionamento do/a profesor/a nunha situación de invulnerabilidade ante as opinións que poidan suscitar nos seus educandos, etc.

É dicir, proxectamos no alumnado unha sensación de aceptación (perciben que non temos unha mala opinión sobre eles). Obviamente a situación idónea para xerar un clima de convivencia é aspirar a que a maioría do profesorado se atope xunto con ese 18% que responden moi ben.

O plan de convivencia tratará de por as primeiras pedras do camiño cara unha moi boa relación entre profesorado e alumnado.

Volvendo á enquisa de alumnos/as. No que respecta ao comportamento na clase temos os seguintes resultados:




Hai diferenzas no voso comportamento en clase entre uns e outros profesores?


Como podemos observar a maioría sitúase entre bastantes e moitas diferenzas no seu comportamento cuns profesores/as respecto a outros. Isto, en certa medida, é inevitable xa que xogan factores humanos e formas distintas de levar a clase.

O que é importante unificar son as medidas sancionadoras e de aplicación de premios, tamén o protocolo de actuación deberá ser o mesmo para todos/as; respectando a decisión do profesor/a en función do clima que quere crear na súa clase. (Por exemplo: non é o mesmo falar nunha clase onde se traballa en grupo que no medio dunha explicación de física)

En canto as condutas intimidatorias e potencialmente susceptibles de derivar en acoso ou violencia os datos da enquisa son os seguintes:




Perseguides ou intimidades só ou en grupo a outros ou sentiches medo por esa razón?



Senticheste presionado/a por compañeiros/as ou outras compañeiros/as?

Diminúe a incidencia en comparación coa etapa de primaria. De todos xeitos non debemos descoidar ese 30% que responde “unha ou dúas veces”. Debemos ter en conta que as condutas intimidatorias a estas idades son máis difíciles de detectar xa que entran en xogo outras formas de violencia onde se poñen en xogo factores internos.(ameazas, crítica, desprestixio ante o grupo, etc)

En canto á incidencia con que se repiten diferentes situacións os/as alumnos/as respostaron segundo se representa no seguinte gráfico.




1. Agresións verbais (insultos) entre alumnado. 2. Agresións físicas entre alumnado. 3. Agresións verbais de profesores/as a alumnos/as. 4. Agresións físicas de profesores a alumnos/as. 5. Agresións verbais de alumnado a profesorado. 6. Agresións físicas de alumnado a profesorado. 7. Enfrentamentos entre grupos de alumnos/as. 8. Intimidación a algúns

compañeiros/as por parte de outros/as. 9. Vandalismo e deterioro de materiais e mobiliario escolar. 10. Roubos. 11. Interromper a clase. 12. Faltar a clase ou chegar tarde de xeito voluntario

3.3.3 Análise dos cuestionarios cubertos polas familias


Para a análise destes cuestionarios teremos en conta as diferenzas existentes nas opinións dos pais/nais con fillos escolarizados en primaria cos de secundaria.



Como se leva cos profesores en xeral do centro?

Na pregunta referente a como se levan co profesorado en xeral do centro temos que non hai diferenzas entre unha etapa e outra, quizás na etapa de secundaria aumentando de xeito non significativo a porcentaxe que responderon regular en comparación con primaria.

Esta gráfica representa a valoración dos pais, ata agora, do traballo do profesorado no que se refire á convivencia no centro.




Como valora o traballo dos profesores respecto a mellorar a convivencia do centro?

Pódese observar que fan unha valoración máis positiva na EP que na secundaria. Non deixa de ser un resultado esperable xa que na secundaria os conflitos son máis intensos e numerosos, aparecendo o factor rendemento escolar como causa de moitos conflitos.


Nesta gráfica exprésase a opinión sobre a participación na vida social do centro:

Participa na vida social do centro?


A medida que cambian a un nivel superior o número de pais que participa diminúe. Aínda así, en ámbolos dous niveis é baixo.



Temos, por tanto, probablemente influenciado polas características socioculturais do entorno un centro que conta cunha escasa participación da familia. Sería interesante, dentro das posibilidades, dinamizar este factor dende as etapas máis temperás.




En que medida coñece a normativa sobre dereitos e deberes do alumnado?



Hai unhas porcentaxes bastante altas que non coñecen ou coñecen pouco a normativa do colexio.

Nestas dúas gráficas represéntase a opinión dos pais sobre os problemas que cre suceden no colexio.

1. Conflictos entre profesores e alumnos/as.
2. Enfrontamentos entre grupos de alumnos/as.
3. Intimidación a algúns alumnos/as por parte de outros/as.
4. Vandalismo e deterioro de materiais e mobiliario escolar.
5. Roubos.
6. Falta de coordinación entre familia e profesorado.
7. Falta de respecto do alumnado ao profesorado.
8. Falta de interese do alumnado.
9. Falta de entusiasmo do profesorado.
10. Os/as alumnos/as



non realizan actividades escolares na casa .11. Non se tratan debidamente os problemas de comportamento

Tan só subliñar aqueles que máis destacan segundo a opinión dos pais/nais:


- Os conflitos profesorado - alumnado aumentan na etapa de secundaria
- Recoñecen certa falta de coordinación entre familia e profesorado
- A falta de respecto do alumnado ao profesorado na etapa de Secundaria
- A falta de interese do alumnado; vai dende un 33% que responden bastante na Primaria, ata mais da metade que na secundaria posicionándose en bastante - moito
- Na etapa da ESO a redor dun 40% dos pais/nais perciben certa falta de entusiasmo no profesorado
- Na etapa de secundaria aumenta moi considerablemente as familias que opinan que os seus fillos/fillas non realizan as actividades escolares na casa
- Os pais recoñecen, sobre todo na secundaria, que non se tratan debidamente os problemas de comportamento

En canto ás preguntas sobre propostas de como mellorar a convivencia tódalas medidas a continuación citadas son valoradas de xeito positivo por máis do 50% das familias.

- Aumento da colaboración entre pais e profesores
- Implicación dos profesores/as nos problemas do alumnado
- Esixencia de maior esforzo dos alumnos/as por parte do profesorado
- Gratificación do esforzo realizado polos alumnos/as
- Escola de pais/nais para tratar temas educativos e sociais (*Pais con alumnos/as na ESO responden Ben un 40%*)
- Cumprimento no centro das sancións de alumnos/as
- Maior apoio ás decisións do profesorado
- Aceptación dos pais das sancións impostas a un alumno por problemas de comportamento
- Detección de situacións de conflito dende a etapa de educación primaria e seguimento destas ao longo da secundaria



3.3.4 Análise dos cuestionarios cubertos polo profesorado




Consideras que no colexio a convivencia é un problema?

Un 44% do profesorado considera que a convivencia no centro convértese nun problema só en contadas ocasións. Coincidindo ca conclusión que xa se fixo anteriormente cando se falaba da imaxe que o alumnado ten dos profesores/as.

Un 11% considera que a convivencia non é un problema. O 17% pensa que con bastante frecuencia, e un 28% afirman que é un problema que cada vez vai en aumento. Para esta última afirmación é necesaria unha perspectiva temporal da evolución da convivencia no colexio, que non deixa de ser interesante aínda que non colle por sorpresa a ninguén, xa que por todos son coñecidos os cambios sociais nos últimos anos e as consecuencias na mocidade, así como as carencias dos sistemas educativos para adaptarse a estes novos retos.

No eido das medidas aplicadas, ata o de agora, ao alumnado que altera a convivencia e a súa valoración por parte do profesorado, temos o seguinte gráfico:




As medidas aplicadas ó alumnado que alteran a convivencia penso que...

A maioría 44% afirma que se empregan pouco. Un 28% di que non dan resultado, o 17% opina o contrario en un 11% reclama máis medidas ao tempo que din que non se empregan as que hai.

Deste gráfico podemos extraer as seguintes conclusións:


- Hai un desencanto xeneralizado respecto ás medidas
- O profesorado coincide en que non se empregaban ou se empregaban pouco
- O feito de que non dean resultado pode ser porque non se empregaban ou se empregaban pouco
- Sería necesario revisar as actuacións eficaces e potenciais para que se leven a cabo tanto como elaborar novas accións que faciliten a súa aplicación. Protocolos sinxelos pero efectivos.

En canto a opinión dos profesores de como a familia colabora na prevención do conflito temos as seguintes respostas:



A percepción, como se pode comprobar, é que a familia non colabora; unhas veces non recoñecendo a situación (33%) e outras desviando esta cara terceiros culpables (45%).

Canto se repiten as seguintes situacións no colexio?



1. Agresións verbais (insultos) entre alumnado. 2. Agresións físicas entre alumnado. 3. Agresións verbais de profesoras/as a alumnos/as. 4. Agresións físicas de profesoras a alumnos/as. 5. Agresións verbais de alumnado a profesorado. 6. Agresións físicas de alumnado a profesorado. 7. Falta de respecto de alumnado a profesorado. 8. Falta de respecto de profesorado a alumnado. 9. Enfrontamentos entre grupos de alumnos/as. 10. Intimidación a algúns compañeiros/as por parte de outros/as. 11. Vandalismo e deterioro de materiais e mobiliario escolar. 12. Roubos. 13. Interromper a clase. 14. Faltar a clase ou chegar tarde de xeito voluntario

Tan só subliñar aqueles que máis destacan:

- Agresións verbais entre alumnado
- Agresións verbais de alumnado a profesorado
- Falta de respecto de alumnado a profesorado
- Deterioro de material
- Interrupción da clase. Situación que reclama maior atención.
- Chegar tarde de xeito voluntario. As medidas levadas a cabo ao longo do curso foron eficaces como se describirá máis adiante.

Respecto a relación entre os membros do claustro e segundo os datos acadados na enquisa, (resultados completos no anexo) podemos subliñar que esta é cordial e exemplar en canto a convivencia e ambiente de traballo.

No anexo figura tamén unha análise comparativa entre algunhas das respostas dadas por alumnado, profesorado e pais. A conclusión máis salientable é que a información sobre temas de convivencia do centro está bastante condicionada (falamos de familia e alumnado na ESO) ao que os alumnos/as contan na casa. Debemos aumentar a información puntual as familias sobre o que fai ou deixa de facer os seu fillo/a no tema da convivencia, tanto para ben como para mal. Tamén é importante que non só se cite aos pais e nais para dar malas noticias.

3.4 DETECCIÓN DE NECESIDADES

Tendo en conta o anterior, enuméranse as necesidades de cara a mellora da convivencia. Estas necesidades deberán ser cubertas con medidas dende os diferentes ámbitos, tendo sobre todo en conta o principio de prevención.

- Elaborar cuestionarios e sociogramas, que axuden a detectar e previr respectivamente, casos de acoso escolar. Elaborar estudos nos primeiros curso de primaria, co fin de detectar problemas de integración e/ou marxinação a alumnos/as e facer un seguimento dos mesmos.
- Aumentar a participación das familias no centro; actividades propostas dende o consello escolar, mesas redondas, grupos de traballo, comisións de expertos, etc en temas relacionados ca convivencia.



- Medidas de prevención en canto o coidado do material escolar dende a etapa de primaria onde en función da idade o alumno/a se implique en maior ou menor grado na reparación dos danos.
- Actuacións preventivas fronte a solución violenta dos conflitos. Así como aquelas onde se teñan en conta a acosadores-agresores, vítima e espectadores.
- Actividades de integración no grupo, sobre todo co alumnado novo e facendo especial fincapé naqueles alumnos/as que presentasen algunha necesidade específica relacionada ca integración social. Plan de acollida.
- Potenciar a intelixencia emocional e o desenvolvemento de habilidades sociais a través de actividades dende a titoría en tódolos niveis educativos.
- Facer partícipes ao alumnado das medidas levadas a cabo relacionadas coa convivencia, facendo ver o por que destas medidas de xeito que sexan interpretadas por eles/elas, sobre todo aquelas de carácter disciplinario, como medidas a favor dos seus dereitos; xa que respectar os dereitos da maioría leva implícito unha serie de obrigas. Relacionando as medidas levadas a cabo coas vixentes nas sociedades democráticas.
- Dar a coñecer a través de tódolos medios posibles; reunións, carta informativa aos pais/nais o principio de curso, páxina web, etc, o RRI e normas de convivencia do centro.
- Describir nos informes que o alumnado leve a casa por mor de faltas, en prexuízo da convivencia, que aspectos da normativa infrinxe, xunto coas medidas correctivas correspondentes, así como a obrigatoriedade de cumprilas.
- Cada titor/a rexistrará a situación da convivencia de cada un dos seus alumnos/as (faltas leves, moi graves, establecidas cun código de tipificación de réxime interno para o profesorado, xunto coas medidas correctivas aplicadas) ao longo do curso.
- As faltas de conduta, a través da Xefatura de Estudos, rexistraranse no Xade, axuntaranse á Intranet da Dirección do centro e os/as titores/as as gardarán no expediente do/a alumno/a, ao finalizar o curso.
- Informar de xeito continuo ás familias dos problemas de comportamento e buscar solucións consensuadas coas mesmas respecto aos seus fillos/as.
- Establecer medidas sinxelas pero eficaces. Ter en conta que a inmediatez na sanción é máis efectiva que deixar pasar tempo.
- Non sancionar ao alumno/a diante do grupo, xa que na maioría das ocasións o que buscan é destacar a través destas condutas. O alumno/a será chamado fóra do grupo con total tranquilidade e comunicaráselle a sanción en privado.



- Actividades de tutoría en grupo desde la educación primaria, enfocadas sobre todo en el autoconocimiento y el conocimiento de los demás, así como en la resolución pacífica de conflictos (proporcionar recursos a los profesores/as con el fin de que seleccionen un método flexible para aquellas que consideren más oportunas teniendo en cuenta la evolución del grupo de tutorandos)
- El alumnado de primaria numeraba por esta orden los motivos por los que se producen conductas de acoso escolar a algunos rapaces/as: 1º diversión, 2º hacerse respetar, 3º hacer daño y 4º provocaron antes.
- Débense potenciar actividades de diversión no competitivas y en las que sea necesaria la colaboración mutua.
- Fomentar el aprendizaje cooperativo como medida didáctica de mejora de la convivencia.
- Involucrarnos en la educación del alumnado haciéndoles ver que todas las medidas se toman desde el afecto y la preocupación por prepararlos como futuros ciudadanos.
- Actividades de tutoría relacionadas con el acoso y la violencia.
- Observar conductas del alumnado cuando están fuera del aula (recreos, extraescolares, excursiones, situaciones de división en subgrupos, etc)
- Tener en cuenta las actitudes y la forma de dirigirse al alumnado, debemos ser ejemplo de tranquilidad ante las situaciones de conflicto, ya que de lo contrario entramos en una contradicción, no podemos pretender la calma desde el desasosiego.
- Debemos escuchar al alumno/a y tener argumentos que justifiquen nuestra respuesta ante una situación. Ahora bien, debemos fomentar que para ser escuchados deben hacerlo de un modo tranquilo y razonado. Dejar un tiempo para que piense en su argumentación.
- Ante una situación violenta primero debemos tranquilizar a los implicados, se es necesario retirándolos de la situación conflictiva, para posteriormente iniciar un proceso de mediación.
- Crear, formar y dinamizar grupos de mediación integrados por alumnos y alumnas, ya que muchos conflictos se producen fuera del profesorado del centro (*como se puede comprobar en la tabla comparativa que se ofrece a continuación*). Estarían coordinados desde el departamento de orientación estableciendo reuniones semanales. Estos grupos servirán también de instrumento de evaluación de la convivencia. Un 42% del alumnado de ESO respondió estar dispuesto a formar parte de esta actividad.
- Fomentar una política de gratificaciones para las conductas a favor de la convivencia, con el fin de motivar al alumnado para la necesidad de estas conductas como garantía en su futuro social y laboral.

- Actuar sobre os “espectadores” do conflito, por exemplo; difundir as boas maneiras e as condutas a favor da convivencia empregando estratexias similares as empregadas na publicidade comercial (deberán ser imaxinativas e implicar a todo o alumnado), premiar e/ou recoñecer as condutas de rexeitamento ás situacións violentas entre compañeiros e chamar a atención ante as condutas de indiferenza. O alumnado que emprega as situacións violentas á hora de enfocar o conflito debería sentir a presión do grupo en oposición a súa actitude.
- Na aplicación de medidas correctoras deberase distinguir entre agresor e vítima.
- Evitar corrixir a todo o grupo clase. Aínda que sexa unha minoría, esa minoría debe incorporar na súa experiencia vital o feito de que as actitudes a favor da convivencia teñen máis peso que as que van en contra. (por exemplo, se hai catro alumnos/as non merecedores de corrección na súa conduta deben quedar exentos de cumprir o mesmo)



4. PLAN DE ACTUACIÓN

4.1 OBXECTIVOS

4.1.1 Xerais

- Facilitar ao profesorado instrumentos e recursos en relación ca promoción da cultura da paz e a prevención da violencia.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas, respecto á diversidade e fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que puideran xurdir no centro, e aprender a empregarlos como fonte de experiencia de aprendizaxe.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre os procedementos para mellorar a convivencia e acadar un ambiente educativo que favoreza a aprendizaxe.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Facilitar a participación, comunicación e cooperación das familias no mantemento da convivencia escolar.

4.1.2 Específicos

- Divulgar e implantar entre tódolos membros da comunidade educativa o NOFC (NORMAS de ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA), especialmente aqueles artigos referidos as normas de convivencia, disciplina, descrición e cualificación das faltas e os procedementos de corrección das condutas que as incumpren.
- Potenciar, dentro do plan de acción tutorial, todas aquelas actividades que favorezan o respecto mutuo.
- Desenvolver a intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todo o profesorado, evitando contradicións que desorienten aos alumnos/as.



- Establecer actuacións para a formación do profesorado, alumnado, familias e persoal non docente en materia de convivencia.

4.2 ACTUACIÓNS

Baseadas nos seguintes obxectivos operativos:

4.2.1 Aprobar o plan de Convivencia no marco do PEC

- Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica (Equipo Directivo Vista Alegre).
- Sesións de Claustro (Informar e proposta).
- Reunión Consello Escolar (Aprobación).

Responsables

- Consello Escolar.

Recursos

- Plan de convivencia

Temporalización

- No mes de Setembro

4.2.2 Posta en marcha anual do Plan de Convivencia.

Actividades

- Reunións de traballo dos coordinadores e titores.
- Preparación da acollida en cada aula.
- Intercambios de información (persoal, familiar e escolar) dos alumnos entre os profesores/as que os tiveron no curso anterior e os que os terán este curso.
- Reunión co novo profesorado para poñer en coñecemento o plan de convivencia.

Responsables

- Equipo Directivo.
- Coordinadores de etapa.
- Titores/as

Recursos

- Informes académicos dos alumnos/as.
- Expedientes alumnado

Temporalización

- Primeira quincena do mes de Setembro



4.2.3 Dar a coñecer o Plan de Convivencia ao alumnado.

Actividades

- Acollida dos novos alumnos/as tanto a nivel individual como grupal.
- Coñecemento das normas de convivencia no aula e no centro durante o presente curso nas sesións de titorías.

Responsables

- Equipo Directivo (CCP).
- Titores/as

Recursos

- NOFC
- Plan de Acollida.
- Plan de Convivencia.

Temporalización

- Segunda quincena mes de Setembro

4.2.4 Dar a coñecer o Plan de Convivencia aos pais/nais dos alumnos/as.

Actividades

- Reunións pais e profesores de comezo de curso.
- Envío por Cifra Educación a todas as familias
- Entrevistas individuais entre pais e profesores.

Responsables

- Equipo Directivo.
- Titores/as
- Departamento Orientación (asesoramento)

Recursos

- Fotocopias dípticos/trípticos.
- Guión de desenvolvemento da reunión inicial.
- Outros recursos audiovisuais e tecnolóxicos (cañón, ordenador)
- Plataforma de Xestión Integral Cifra.
- Páxina web

Temporalización

- Outubro



Avaliación

- Ao remate da actividade (valorar participación)

4.2.5 Concienciar ás familias de que a súa colaboración e participación co profesorado é necesaria para o desenvolvemento dunha boa convivencia no centro.

Actividades

- Reunións pais e profesores de comezo de curso.
- Tutorías individuais cos pais ou titores legais.
- Formación en materia de convivencia. (3.2.8)
- Asesoramento do departamento de orientación

Responsables

- Titores/as
- Equipo directivo
- Departamento de Orientación

Recursos

- Normas de convivencia.
- Circulares informativas de comunicación das faltas na primeira reunión (asistencia, puntualidade, comportamento) A partir del curso 2022-2023 realizarase unha reunión informativa, a través das tutorías e co asesoramento da Xefatura de Estudos, no que incidirase nas medidas correctoras, NOFC, conciliación e mediación de intervención da comisión de convivencia nos comportamentos contrarios á convivencia.
- Rexistros de faltas do alumno/a.
- Axenda escolar.
- Consellería de educación
- Plataforma de Xestión Integral Cifra

Temporalización

- Todo o curso escolar

Avaliación

- Ao remate de cada trimestre



4.2.6 Concienciar ao alumnado de que a súa colaboración e participación é necesaria para o desenvolvemento dunha boa convivencia no centro.

Actividades

- Titorías individuais cos/coas alumnos/as.
- Titorías grupais para tratamento de calquera incidencia puntual que afecte á convivencia do centro.
- As actividades grupais ou a nivel de centro onde a participación de alumnado é maior e require de maior implicación para unha boa convivencia entre todos.

Responsables

- Titores/as
- Equipo Directivo
- Departamento de Orientación.
- Todo o profesorado

Recursos

- Normas de convivencia.
- PAT
- NOFC
- Programación de actividades inclusivas incluídas na programación xeral.

Temporalización

- Durante todo o curso

Avaliación

- Ao remate do curso, as titorías establecerán unha análise compartida co equipo directivo no que se avaliará o grao de cumprimento do Plan de Convivencia e das NOFC.
- Tratamento das incidencias.
- Nas reunións semanais de etapa



4.2.7 Potenciar condutas positivas no alumnado para lograr unha boa convivencia no centro fomentando o contacto entre alumnado de diferentes cursos con diversas actividades.

Actividades

- Celebracións conxuntas do alumnado (magosto, día da paz, etc)
- Plan de actividades complementarias que unan ao alumnado dos diferentes cursos para mellorar a convivencia e diferenciado para cada unha das etapas educativas.
- Tutorías
- Potenciación verbal ou por escrito (diploma, nota en axenda...) das actitudes positivas que melloren a convivencia no centro.
- Sesións de vídeo
- Saídas culturais
- Convivencias
- Graduacións
- Actividades solidarias

Responsables

- Equipos docentes.
- Departamentos
- Claustro
- Tutores/as

Recursos

- Material escolar
- Dependencias do centro.
- Outros lugares de actuación.(Saídas)
- Protocolos de actuación en cada unha.
- PAT
- TICs

Temporalización

- Datas puntuais que figurarán no calendario escolar para as celebracións e actividades complementarias.
- Todo o ano

Avaliación

- remate de cada actividade
- Terceiro trimestre (PAT)



4.2.8 Coordinar charlas sobre temas formativos e informativos.

Actividades

- Encontros formativos para pais/nais

Responsables

- Departamento orientación
- Grupos de expertos
- Coordinadores de etapa

Recursos

- Circular informativa elaborada para cada actuación.

Temporalización

- Datas puntuais en función das posibilidades e/ou oferta de ditas actividades.

Avaliación

- Remate de cada actividade.

4.2.9 Favorecer unha relación colexio/familia positiva.

Actividades

- Reunións de pais/nais
- Enquisas de satisfacción
- Reunións do Consello Escolar
- Entrevistas con titores/as e departamento psicopedagóxico

Responsables

- Equipo directivo
- Claustro de profesores/as.
- Equipo de Orientación

Temporalización

- O longo do curso

Avaliación

- Terceiro trimestre

4.2.10 Aprendizaxe de estratexias de resolución de conflitos

Actividades

- Actividades programadas no PAT.
- Actividades propostas polo Equipo de Orientación: Obradoiro para adquisición de habilidades sociais.



- Mediación polo Equipo de Orientación.

Responsables

- Comisión de Convivencia
- Equipo de Orientación.
- Titores/as

Recursos

- PAT
- Plan de habilidades sociais.
- Plan de resolución de conflitos en cada una das etapas educativas, recollido neste Plan de Convivencia.

Temporalización

- Durante todo o curso nas sesións de tutoría, en ESO.
- Cando o profesor/a o considere oportuno, en Primaria (tratar de adicar unha hora semanal)

Avaliación

- Ao remate de cada trimestre.

4.3 MEDIDAS CORRECTIVAS PARA O FOMENTO DA CONVIVENCIA DO CENTRO:

Ante unha situación de conduta disruptiva poderanse aplicar as seguintes medidas disciplinarias e de modificación da conduta:

4.3.1. Comunicación co alumno para modificar a conduta disruptiva:

A comisión de convivencia falará co alumno/a, nun lugar afastado do grupo e buscando un momento relaxado, intentando que comprenda os efectos negativos da súa conduta, tanto para si mesmo como para o resto do alumnado e profesorado.

4.3.2 Promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero:

Cremos importante establecer un compromiso dende este Plan de Convivencia para que toda a comunidade educativa adopte unha actitude de colaboración na prevención da violencia de xénero e para fomentar a igualdade real entre homes e mulleres.



Tal como se especifica na Lei 11/2007, de 27 de Xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no noso centro:

1. Incidiremos na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade.
2. Teremos unha especial atención con aquel alumnado afectado por situacións de violencia de xénero.
3. Rexeitaremos calquera contido de carácter educativo que vulnere o principio de igualdade, ou cunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou cunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
4. Procuraremos o enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
5. Promoverase a inclusión de contidos relacionados coa educación para a paz e a non violencia e o fomento do principio de igualdade tanto de forma transversal nas diversas áreas como dentro do propio Plan de Acción Titorial.
6. Fomentaremos no alumnado actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
7. Non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
8. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade



escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas, e aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

4.3.3. As consecuencias naturais:

Deixar, dentro da medida do posible, que os alumnos/as experimenten as consecuencias lóxicas da súa mala conduta, a fin de que perciban por que unha norma particular é importante. Por exemplo, se un alumno ensucia a propósito e de maneira excesiva algo, colaborar ou observar (dependendo da idade) todo o proceso de limpeza, se é posible nun momento no que estaría facendo algo que lle gustase, co fin de que perciba que todo feito repercute nunhas consecuencias que directa ou indirectamente afectan a si mesmo ou a outras persoas.

4.3.4. Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias:

Se lles pode deixar sen facer algunha actividade que lles guste. Isto sería efectivo con aquelas faltas non reiteradas e sempre que durante o tempo que non pode adicar a esa actividade implique recuperar o tempo perdido con anterioridade, co fin de que experimente, unha vez máis, as consecuencias dos seus feitos.

4.3.5. Aula de Convivencia Inclusiva :

No noso intento de mellorar o clima de aprendizaxe e resolver os conflitos de forma pacífica contamos cunha aula de convivencia inclusiva ao abeiro do artigo 19.3 da Lei 4 /2011, do 30 de xuño. Esta aula estará atendida por profesores/as de Garda que deben realizar esta función adxudicada no seu horario e no espazo indicado, a sala azul, a sala contigua á sala de profesores. Estará aberta sempre e cando sexa precisa a súa utilización.

As funcións da aula de Convivencia son:

- a) Atender ao alumnado cuxo comportamento ou actitude impide o desenvolvemento normal da actividade docente.
- b) Substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, a través de apoios e formación específica.
- c) Canalizar os conflitos, e as súas posibles solucións, cara a outras instancias do Centro.
- d) Alfabetizar emocionalmente ao alumnado. Recursos en:



- Xestión das emocións
- Empatía Activa
- Resolución Positiva do Conflicto

e) Mellorar a convivencia escolar aplicando medidas dende a educación emocional.

Contidos:

1. Xestión das emocións
2. As emocións
3. Identificar as emocións propias e alleas
4. Técnicas de auto regulación emocional
5. Empatía Activa
6. A comunicación non verbal

A resolución positiva do conflito

1. Comunicación asertiva
2. Pautas para resolver positivamente os conflitos
3. Pautas para mediar en conflitos
4. Práctica restaurativa versus castigo punitivo
5. Perdón de verdade versus perdón de mentira

4.4 PROTOCOLOS.

4.4.1 Protocolo de envío á Aula de Convivencia Inclusiva

Segundo o artigo 19.3 da Lei 4 /2011 do 30 de xuño, esta aula ten como vocación substituír o tempo de expulsión do alumno que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro para realizar apoios e formación específica.

1. Cando se produza un comportamento que sexa considerado **falta**, o docente pasará a información á Xefatura de Estudos, que custodiará a mesma e informará e determinará a duración e a metodoloxía de traballo na aula de convivencia para o alumno/a. A aula de Convivencia será a sala contigua á sala de profesores. O alumno asistirá co seu material. Estas actividades serán marcadas polo equipo docente da aula e curso que corresponda no “Drive” nunha carpeta marcada como “Aula de Convivencia Inclusiva” para que o/a mestre/a de garda as supervise e o alumno/a traballe e teña toda a información da súa aula actualizada para poder facer as tarefas dos contidos pertinentes.



4. O protocolo a seguir por parte do profesor ou profesora que envía a un/a alumno/a é o seguinte:

- a) Comunicar o envío dun alumno/a á AC ao/á seu/ súa titor/a.
- b) Deberá de asistir á **AC** cun traballo marcado polo equipo docente para realizar en dita aula.
- c) En caso de asistir á **AC**, o/a profesor/a que o envía entregará a “Ficha de envío a **AC**” en xefatura e colaborará co xefe de estudos na redacción do apercibimento da falta, incluíndo as medidas correctoras impostas.
- d) A derivación dun alumno á **AC** non implica só a asistencia a mesma, senón que debe ir acompañado da medida correctora que corresponde pola falta cometida.
- e) O Xefe de Estudos ou a Directora citará aos pais e comunicará os apercibimentos de falta grave ou leve e informará das medidas correctoras propostas, procedendo á firma do documento que será gardado no expediente ao final de curso.

4.4.2 Protocolo do/a profesor/a de garda na Aula de Convivencia Inclusiva

- a) Facer que o alumno/a realice o traballo encomendado polo/a profesor/a que o envía. No seu caso, o traballo estipulado pola Comisión de Convivencia relacionado coa falta en cuestión: traballo de valores, emocións, privacidade de datos, redes sociais, etc...
- b) Axudar a reflexionar ao alumno/a sobre a súa conduta.
- c) Acordar, se é posible, as condicións de regreso á aula (petición de desculpas, etc.), sempre que o profesor/a o permita.

Derivación a outras instancias.

A **Comisión de Convivencia** analizará os casos tratados na AC e poderá derivar a:

- a) **Orientación**, que atenderá ao alumnado individualmente propóndolle a asistencia a Obradoiros de Habilidades Sociais, Relaxación, Tutorías Persoais, etc.

Tamén pode incluír ao alumnado nun sistema de reforzo persoal a través dun sistema de puntuación, chamadas ás familias, etc.

- b) **Mediación** cos profesores que exercen de **Titores Persoais**, que atenderá os casos de conflitos entre o alumnado, falta de habilidades sociais entre os iguais e que afecten a convivencia de calquera curso. Estes/as profesores tutores/as serán designados pola presidenta da Comisión de Convivencia do Centro.



- c) **Dirección**, que atenderá os conflitos máis graves ou que non teñan solución coas medidas anteriores propoñendo sancións segundo a lexislación relativa á Convivencia Escolar.

A Comisión de Convivencia será informada de todas as medidas tomadas para a resolución dos conflitos derivados.

4.4.3 Protocolo de actuación no proceso de mediación con titores persoais

1. Solicitar titor ou titora de Mediación ao departamento de Orientación para intervención nun conflito. Poden realizar esta solicitude o profesorado da AC, os/as titores/as do alumnado implicado, Xefatura de estudos, o Departamento de Orientación, o alumnado implicado ou outro membro da comunidade educativa.
2. O titor ou titora persoal de Mediación, designado pola presidenta do Observatorio de Convivencia, pedirá autorización para que o profesorado que estea a impartir clase saiba que os Mediadores designados sacarán da súa aula a un alumno ou alumna para entrevistarse con eles.
3. Os profesores/as titores mediadores/as deixarán constancia de todo o proceso por escrito. Toda esta información é recompilada e arquivada polos mesmos para a súa posterior análise e reflexión, e a disposición do profesor/a, titor/a ou calquera membro da comunidade educativa que o solicite.
4. O titor ou titora de Mediación informará á presidenta da Comisión de Convivencia.

4.4.4 Protocolo de actuación cos alumnos/as que presentan alteracións de comportamento. (falta grave ou acumulación de faltas leves)

Actuacións iniciais

1º Comunicación da situación:

Poñer en coñecemento do titor/a a conduta disruptiva detectada.

2º Pronóstico inicial:

No caso de alteracións continuadas e/ou graves, iniciarase unha recollida de información para analizar as causas de dita conduta:

- Disfuncións no proceso de E/A.
- Situacións de tipo familiar, socioambiental, etc..
- Algún tipo de déficit ou patoloxía psíquica.



3º Toma de decisións

- Decidir o tipo de medida correctiva a aplicar, que estará recollida no Plan de Convivencia.
- Comunicarse coa familia no caso de que non se fixese antes.
- No caso de que os desordes de comportamento sexan continuados, integrárase nun programa de modificación da conduta, coordinado dende o departamento de orientación, e/ou de ser o caso comunicárase a situación a outros organismos e servizos (Centro de Saúde e/ou servizos Sociais) de acordo coas características da alteración.
- Comunicar a situación á Comisión de Convivencia e á Inspección Educativa
- Seguir con actuacións posteriores, se procede (apertura de Expediente Disciplinario)

4º Información á familia:

Poñer en coñecemento da familia do/a alumno/a a situación, así como a medida disciplinaria que se lle imporá, de tal xeito que perciba que a súa familia e o colexio están dacordo. Empregarase as circulares de comunicación de faltas leves/graves.

5º Avaliación posterior

Levar a cabo unha avaliación do/a alumno/a co obxectivo de determinar o seu comportamento problemático e as causas que o provocan, analizando os acontecementos que o preceden e as consecuencias de ditos comportamentos e a efectividade das medidas correctoras. Avaliarase:

- Alumno/a de xeito individual. Solicitar información dos servizos alleos ao centro, que teñan relación co alumno.
- Centro docente: Alumnos/as, profesores/as e persoas que estean relacionadas coa conduta disruptiva, estudarase tamén outros aspectos como a organización da clase, do centro, actuación do profesorado, agrupamento e motivación dos alumnado, se a disfunción é debida a problemas de aprendizaxe.
- A familia do alumno/a. Manteranse reunións para solicitar información nos casos en que a alteración puidera ter algunha relación cas relacións e/ou ambiente familiar.

6º Plan de actuación

Programarase un plan de actuación para o alumno/a por parte do departamento de orientación e o/a titor/a, que será presentado aos outros membros do claustro. O plan de actuación incluírá os aspectos seguintes:

- *Actuación co alumno/a individualmente*



Neste apartado incluíranse os obxectivos de conduta, selección e aplicación de técnicas que se traballarán co alumno/a. Estarán especificados os momentos en que se traballará co alumno/a individualmente e as persoas directamente implicadas (Orientador/a, profesor titor/a, outros docentes).

- *En relación co centro (profesorado e alumnado)*

Medidas adoptadas en relación co comportamento disruptivo: a organización e dinámica da clase, a interacción profesora/a-alumno/a, a ubicación espacial no aula, a aceptación ou rexeitamento do alumno/a por parte dos seus compañeiros, o desenvolvemento do currículo, medidas de apoio escolar co alumno/a. Tomar decisións consensuadas de tódolos membros do Claustro sobre as medidas a seguir no caso de que se de unha conduta disruptiva nun momento determinado.

- *En relación co ámbito familiar*

Co fin de manter unha liña de actuación común e aumentar deste modo a eficacia da actuación estableceranse unha serie de reunións coa familia do alumno/a, nas que se lles explicará en que consiste a actuación programada, se lles dará orientacións de actuacións e se irá avaliando a eficacia de dita actuación.

- *En relación con outros ámbitos*

Establecemento, de ser o caso, de reunións de información e coordinación con outros organismos (servizos sanitarios e/ou sociais) que teñan relación co alumno/a.

4.4.5 Protocolo de actuación ante unha situación de posible intimidación e/ou acoso escolar ou ciberacoso entre iguais.

No artigo 28 da Lei 4 / 2011, do 30 de xuño, **considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno por outro ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración cando se realice por medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos.** A actualización da lei anteriormente mencionada se produce a través da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Data de publicación 02 /05/2017.



Para as medidas de actuación específicas do noso centro teremos como referencia o ordenamento mencionado e o PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMIENTO DO ACOSO ESCOLAR Y CIBERACOSO da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da plataforma Educonvives.com. O devandito texto estipula unha serie de pasos sinalados nos anexos que transferimos e adaptamos á nosa contorna escolar para determinar o noso:

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE O ACOSO ESCOLAR DO COLEXIO VISTA ALEGRE

Os anexos especificados fan referencia ao protocolo da Consellería, Educonvives.com

Este texto otórgalle unha estrutura á prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, incorporando os seguintes tramo de actuacións a través de diversas fases que levaremos a cabo:

PRIMEIRA FASE: coñecemento, identificación e comunicación da situación.

1º. Comunicación da posible situación de acoso (cubrir Anexo I).

2ª. Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo 2)

3ª. Reunión informativa á familia

4ª. Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos: (anexo 6). A dirección do centro pode requirir a colaboración da Inspección educativa, do EOE ou de servizos sociais ou aquel organismo ou institución que fora necesario se é o caso.

SEGUNDA FASE: recollida de información e rexistro

Obxectivo: recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

1º. Recollida de información:

Observación directa e vixilancia das zonas de risco.

Entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna presuntamente acosado/a (anexo 8), alumnado presuntamente acosador (Anexo 9), familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras (Anexo 10) e, se é preciso, persoas relacionadas co centro.



ex: rexistro na aula, observación, reunión co profesorado directamente implicado, entrevistas co alumno e cos supostos acosadores- Deixar rexistros de todo

Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s (anexos 11 e 12)

2º. Entrevista coa familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s (anexo 12): necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e para a adopción de medidas conxuntas. Serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo ou filla, amosándolles a postura firme do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

3º Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro (anexo 13) A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

TERCEIRA FASE: Análise da información e adopción de medidas

1º Análise da información (anexo 15) Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes.

Cando se aprecien indicios suficientes da situación de acoso escolar, débese distinguir entre as medidas que se adopten tendentes á protección da posible vítima, as medidas reeducadoras e correctoras da persoa ou persoas presuntamente agresora/s e as referidas a outros membros da comunidade educativa. As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente.

Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- › Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- › Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- › Ao profesorado titor do alumnado implicado.

2º Adopción de medidas educativas:

Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información



aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro. As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

3º Medidas de protección á presunta vítima (anexo 16)

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa presuntamente acosada, referidas na primeira fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro.

4º Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.

5º Outras medidas (anexo 16)

- Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador
- Coas familias
- co equipo docente

CUARTA FASE: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

Débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta. A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporización prevista.

EXEMPLOS DE MANIFESTACIÓNS DE EXCLUSIÓN E MARXINACIÓN SOCIAL

Exemplos de marxinação social: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinação, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro.



Exemplos de exclusión: Exclusión, non dirixirle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto..., na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.

Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.

Exemplos de manifestación cando se produce agresión física: incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), maniféstase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto), uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso). Algúns exemplos de manifestación a través das TIC son: mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros. Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios, na fila, nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase, no comedor, no transporte escolar, nas entradas ou saídas do centro, no exterior do centro, a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas ...), por Internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros. Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade...

En calquera caso, o noso centro sempre terá en conta as seguintes consideracións:

- Coa vítima: Actuacións de apoio e protección expresa directa ou indirecta, programas e estratexias específicas de atención e apoio social, posible derivación a servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais).



- Cos agresores: Aplicación de medidas do Plan de Convivencia e do Protocolo de Acoso escolar e Ciberacoso, aplicación de programas de modificación da conduta; segundo o caso, derivación aos servizos externos.
- Cos compañeiros (espectadores): Actuacións dirixidas á sensibilización e apoio entre compañeiros dentro da acción titorial na aula.
- Coas familias: Pautas de intervención no fogar, información e asesoramento sobre servizos de apoio externos ao centro (sociais, sanitarios e xudiciais)

4.4.6 Protocolo de identidade de xénero

A escola cumpre unha función social moi importante na formación integral das persoas, nun momento especialmente sensible do desenvolvemento infantil e xuvenil. Neste senso, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, debe constituír un pilar fundamental na erradicación da transfobia e, polo tanto, un espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non cause rexeitamento. Son realidades que han de ser percibidas e vividas de maneira cotiá e habitual como un aspecto máis da diversidade humana e tamén como unha oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe común de toda a comunidade educativa, como parte importante da sociedade.

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno.pdf




5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA

5.1 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

5.1.1 Participación do profesorado

O centro conta con un total de 23 profesores e profesoras. O profesorado participa no Centro mediante un traballo en equipo, coordinado e compartido, a través das seguintes estruturas organizativas (ver organigrama)

Organigrama do centro



Claustro de Profesores: Está integrado pola totalidade dos profesores/as e a súa misión é coordinar e avaliar toda a actividade educativa do Centro. (función máis afíns aos temas de convivencia no centro)

- Elixen os seus representantes no Consello Escolar e realiza a proposta de programación xeral do curso.
- Coordina as actividades de avaliación e tutoría.
- Propón actividades de experimentación e investigación pedagóxica, así como actividades complementarias.

Tutoría: O profesor/a - tutor/a é a peza clave encargada da creación e fomento de actitudes participativas e hábitos de convivencia, tanto nos alumnos/as como nos pais e nais.

Algunhas funcións serían:

Cos alumnos/as:

- Creará un clima de clase favorecedor.
- Coidará a elección do Delegado/a de aula.
- Dará información sobre as diferentes estruturas organizativas do Centro e sobre como participar.
- Dará a coñecer as normas de convivencia e medidas correctoras.
- Promoverá actitudes positivas no grupo e actividades para unha boa acollida do alumnado novo.

Cos pais e nais:

- Tutor/a é un canle importante no desenvolvemento da participación dos pais/nais na vida do Centro. Para iso, temos unha hora de visita de pais/nais fora do horario lectivo, onde o tutor/a permanece aberto á transmisión de información e da marcha dos seus fillos/as.
- A aplicación educativa Cifra, permite que esa comunicación bidireccional sexa máis rápida e efectiva.
- Sen esquecer a comunicación por escrito, a través de secretaría, da axenda do alumno ou de comunicados a nivel tanto de profesor como de tutor.

5.1.2 A participación dos pais/nais

Consideramos aos pais e nais como os principais responsables da educación dos seus fillos/as. Eles/as son os primeiros transmisores de valores, actitudes, hábitos, etc, que posteriormente influirán na vida educativa.



Esta participación debe ser un intercambio de información e apoio, é dicir, unha unión de esforzos para aproximar o colexio ao entorno social.

Os pais/nais do noso centro participan do seguinte xeito:

- A nivel de Centro: Os pais e nais participan a través dos seus representantes no Consello Escolar de Centro. Tamén desenvolven a súa participación a través da Asociación de Nais e pais de Alumnos/as.
- A nivel de Aula: A súa participación canalízase a través das reunións que o/a titor/a do curso manterá cos pais/nais do seu alumnado , tamén a través da súa axenda e, por suposto, a través da plataforma Cifra. Con todo isto favorécese o achegamento dos/as pais/nais do centro e a súa interrelación no proceso de ensino – aprendizaxe .

5.1.3 A participación dos alumnos/as

- A nivel de Centro: Os alumnos/as colaboran na vida diaria do mesmo a través da participación nas actividades extraescolares e complementarias e nos distintos talleres ou proxectos que o colexio organiza. Tamén nas reunións do Consello Escolar.
- A nivel de Aula: A participación dos alumnos/as a nivel de aula canalízase a través da acción titorial e no tratamento de temas referentes á: marcha do curso, problemas que xurdan, actividades a realizar (excursións, visitas e outras), elección de responsables na aula (encargados da orde, limpeza, material, biblioteca de aula, etc), elección de un/unha Delegado/a de curso, elaboración das normas de convivencia a nivel de aula e a elección de representantes para o Consello Escolar cada 4 anos.

5.1.4 Participación do persoal de administración e servizos

A participación deste persoal (comedor, asesoría, limpeza, xardinaría, informática, mantementos): canalízase a través da secretaría en primeira instancia e a posteriori a través da Administradora, quen toma a decisión final.

5.1.5 Espazos e tempos

O **espazos**, detallados no principio deste proxecto, son na súa maioría de uso individual, sen embargo son compartidos pola maioría do alumnado a aula de informática, o ximnasio, salón de actos, aula de optativas, patio de baloncesto descuberto, o patio de fútbol cuberto, a biblioteca e o laboratorio.



Para poder disfrutar deles se elabora a principio de curso un horario que permite o aproveitamento dos recursos de xeito ordenado e equitativo.

En canto aos **tempos**, todo o alumnado comeza ás 9:00 da mañá. O remate varía, en E. Infantil e E. Primaria sería ás 14:00 e E. Secundaria ás 14:30, tendo que vir a tarde de martes, de 16:30 ata 18:10. Nese horario os alumnos-as só coinciden en comedor durante media hora e no patio, a continuación do xantar, durante unha hora e media. Nese tempo están atendidos por monitores de comedor e un/ha profesor/a de garda a disposición para calquera incidencia que puidera xurdir.

O horario de recreo faise de maneira que non coincidan nin infantil, nin primaria, nin secundaria para favorecer un clima de convivencia entre iguais sen verse prexudicados por xogos, actividades ou conflitos doutras idades, ademais de poder disfrutar así de maior espazo físico para o seu esparcemento.

Horario: E.I : 10:50-11:20 Primaria: 11:50 – 12:20 ESO: 12:20 – 12:50

Entradas e saídas do Centro

1. As clases comezarán cada mañá ás 9:00 horas. As portas do centro abranse con 10min. de antelación e pecharanse ás 9:05 horas. Polas tardes abrírase as 16:15 para comezar as clases as 16:30 e rematarán as 18:10.
2. Recordaráselle as familias que debe de xustificar as faltas de asistencia na axenda do-a alumno-a ou tamén poderán xustificalas a través da aplicación Cifra.
3. O profesorado empregará tamén Cifra para marcar as ausencias do alumnado e xustificar aquelas que poidan selo.
4. O alumnado que chegue tarde incorporaráse á aula amosando o seu xustificante de retraso, de non ser así o/a profesor/a desa hora anotará no rexistro de clase a hora de chegada e que non foi xustificada, tamén en Cifra.
5. O atraso considerarase xustificado cando se achegue a documentación ou notificación por CIFRA por parte do pai/nai ou titor legal ou médico.
6. Cos atrasos non xustificados, tratarase de falar coa familia para que traten de mellorar esa situación, de non corrixila o alumnado incorrerá nunha falta leve e e lle aplicará unha das medidas correctora establecidas por lei.
7. Coas faltas de asistencia sen xustificar que superen o 10% do horario lectivo mensual, se actuará segundo o protocolo de absentismo escolar da Xunta de Galicia, Decreto 229/2011 do 7 de decembro no artigo 22. Seguindo ademais as instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e innovación



educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

8. O alumnado non poderá ausentarse do Centro durante o horario lectivo, salvo causa xustificada que a xefatura de estudos ou dirección permitise, e será rexistrada polos responsables legais dos alumnos vía email ou na plataforma CIFRA.
9. O-a alumno-a que vaia ser recollido por outra persoa diferente aos seus proxenitores, deberá ser comunicado por escrito ao/á titor/a e rexistrado ao principio de curso na autorización que se envía ás familias ao principio de curso.
10. Os pais e nais que acudan ao centro serán recibidos nos despachos ou na Sala de Atención a Pais. Absteranse de acceder ás aulas ou outras zonas.
11. Ningunha persoa allea ao centro terá acceso ás aulas e corredores durante o horario lectivo sen previo consentimento de dirección ou administradores.
12. Saír do centro sen permiso considérase falta grave.
13. Na saída ás 14:00 horas o profesorado de infantil e primaria acompañará ao alumnado ata o patio, facendo filas e entregando aos-ás alumnos-as ás súas familias ou persoas autorizadas cando estas se acheguen.

E.I : cada titora entregará o seu curso no portalón de acceso. Primaria entregará no patio cuberto, encargado será o/a profesor/a de última hora ou estudo. Deberá este profesorado ter consigo unha lista das persoas autorizadas para a recollida, sobre todo no inicio do curso ata que se familiaricen con elas. Se pedirá se é necesario identificación para facer a entrega con seguridade. Para cada día da semana haberá un/ha profesor/a encargado/a de baixar a algún/ha alumno/a que poida necesitar ascensor.

14. Na saída da ESO, ao finalizar a xornada escolar seguiráse o seguinte protocolo de baixada:

Baixa o alumnado de 1º e 2º da ESO pola escaleira principal, acompañados do/a profesor/a correspondente.

No mesmo intre, baixa o alumnado de 3º e 4º da ESO, pola escaleira de emerxencia acompañados do/a profesor/a correspondente.

Se houber algún/a alumno/a que necesitase ser baixado no ascensor, o/a profesor/a que estea nese curso mandará a un/ha alumno/a á secretaría a recoller as chaves e se organizará cos compañeiros/as para a baixada. Ante calquera circunstancia que necesiten axuda, poderán avisar ao profesorado de garda asignado para cada día.



5.1.6 Uso do Centro

1. A comunidade educativa disporá dun centro limpo e ben conservado. Todos os membros da comunidade educativa se preocuparán de manter a limpeza e a orde nas dependencias do Centro.
2. Quen cuspa, ensucie ou arroxen papeis ou outros obxectos ao chan nas aulas, corredores, patio ou zonas axardinadas estarán obrigados a limpar ou recoller o arroxado inmediatamente. En caso de negativa, tras valorar a situación, o/a titor/a ou o/a profesor/a que o presencie imporá a sanción correspondente, que necesariamente incluírá a colaboración no mantemento e limpeza do Centro da maneira que se estime conveniente.
3. Calquera dano que se produza no centro ou no seu mobiliario, deberá ser reparado polo causante ou deberá este correr cos gastos de reparación e, se procedese, asumirá a sanción que imponha o órgano competente. En todo caso, os pais, nais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.
4. Os carteis e avisos colocaranse nos taboleiros de anuncios, previa autorización dos/as profesores/as. O uso dos taboleiros de anuncios por persoas alleas ao centro deberá ser autorizado por Xefatura de estudos ou Dirección.

5.1.7 Corredores e escaleiras

1. Do mesmo xeito que as aulas, os corredores, escaleiras e demais dependencias do centro, considéranse espazos comúns de respectuosa e ordenada convivencia, sancionándose, por tanto, toda conduta contraria a ela.
2. A circulación por corredores e escaleiras farase de modo correcto. Non son por tanto admisibles as carreiras, berros, asubíos, sentar no chan, pelexarse (mesmo de broma), petar nas portas, cuspir ou producir ruídos.
3. O alumnado absterase de practicar xogos, individuais ou colectivos, que dificulten ou impidan a normal circulación polos corredores. O incumprimento desta norma será obxecto de sanción.
4. **En ningún caso** se poderá permanecer nos corredores durante o horario lectivo, nin nos cambios de clase.
5. Os traslados do grupo unha vez iniciada a clase faranse sempre acompañados polo profesorado correspondente.



5.1.8 Material

1. O alumnado acudirá a clase con todos os materiais necesarios para o traballo, incluíndo chándal, uniforme e equipamento E-Dixgal do Proxecto Abalar. A quen acuda sen o material necesario de forma reiterada, avisaráselle e se lle amoestará. Esta circunstancia será posta en coñecemento da familia polo profesorado afectado ou polo/a titor/a. Se aínda así se mantivese esta circunstancia poríase en coñecemento de titor/a, que tomaría as medidas oportunas para evitar esta situación.

2. O feito de que un alumno ou alumna non traia o material necesario, non é motivo de expulsión ou de envío á Aula de Convivencia.

3. No caso de non traer o material necesario para unha clase, non se poderá pedir a compañeiros doutras clases.

4. Considérase sancionable o incumprimento do acordo de cesión de uso do ordenador do alumno/a do Proxecto de Educación Dixital Abalar - E-Dixgal. Dado que o alumnado e a súa familia teñen coñecemento destas normas, así como das establecidas pola Consellería de Educación e que constan no acordo de cesión asinado pola familias, en caso de observarse unha mala utilización do equipo será de aplicación o recollido nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do noso centro, sen prexuízo do establecido para estes casos pola Consellería de Educación no devandito acordo.

- Mediante este acordo a Xunta de Galicia cede o uso do ordenador descrito ao/a alumno/a cunha finalidade educativa para a realización de tarefas escolares coas condicións e normas recollidas no documento.
- O/A alumno/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo seu profesorado. Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do Centro. Ademais non poderá cederse a terceiras persoas.
- O/A alumno/a e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. Deberá informarse ao titor/a do curso de calquera desperfecto observado no equipo no menor prazo posible.
- O/A alumno/a comprométese a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.
- O ordenador deberá devolverse ao rematar a etapa E-Dixgal e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
- O profesorado, a persoa coordinadora de e-Dixgal no centro, e os técnicos da administración poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado.



- A familia/ titor legal do/a alumno/a responsabilízase do correcto coidado e uso do ordenador, respondendo da perda deste ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo e estean contempladas na súa garantía.

5.1.9 Aulas

1. Todos os alumnos e alumnas teñen dereito ao seu posto escolar, dereito que leva o deber de asistencia a clase, o de aproveitamento na aula e o de respecto aos demais.

2. O alumnado disporá dunha aula limpa e ordenada. É tarefa do grupo que ocupa habitual ou ocasionalmente unha aula mantela limpa e ordenada.

3. As aulas quedarán fechadas á baixada ao recreo e ao final da xornada escolar.

4. Calquera dano (pintadas, esconchados, gravados, buratos...) que se produza na aula ou no seu mobiliario, deberá ser reparado por quen o causou ou deberá correr cos gastos de reparación. Se o dano é intencionado será obxecto das sancións estipuladas.

5. Terase especial coidado coas pertenzas e os traballos individuais ou colectivos que se atopen nunha aula. En caso de dano actuarase como no parágrafo precedente.

6. Cada titor de maneira xeral ou calquera profesor na súa sesión de clase, establecerá o lugar que deba ocupar cada alumno ou alumna.

7. Cando un grupo deba abandonar a súa aula habitual para recibir clase nunha aula específica (Música, Tecnoloxía, Informática, Plástica, Ximnasio, Audiovisuais, etc.), nunha aula de desdobre ou outras dependencias, cada alumno/a levará as súas pertenzas consigo a fin de evitar subtraccións. O profesorado será o encargado de saír en último lugar e fechar a porta.

O centro non se fará responsable da perda ou subtracción de obxectos en caso de incumprimento desta norma.

8. O alumnado permanecerá dentro da aula nos cambios de clase, salvo permiso expreso do profesorado.

9. Se non chegase á aula o profesor correspondente transcorridos 10 minutos dende o inicio, o/a delegado/a ou encargado/a do grupo irá buscar a un profesor de garda que se



faga cargo do grupo. En ningún caso, o resto dos alumnos/as sairán da aula por iniciativa propia.

10. Para previr un uso incorrecto das instalacións e a subtracción de pertenzas, o alumnado abandonará necesariamente as aulas durante o recreo e non poderá regresar a elas ata que finalice este, se non lle acompaña un/a profesor/a de garda.

11. Para facilitar o traballo do persoal de limpeza ao termo da xornada escolar o alumnado deixará todas as mesas colocadas en orde, e sobre estas, as cadeiras. O profesor que imparte a última sesión na aula é o responsable do cumprimento desta norma.

12. Se unha aula quedara especialmente sucia ou non colaborase o grupo na súa limpeza colocando as mesas e as cadeiras ao final da xornada, non será atendida polo persoal de limpeza.

5.1.10 Recreos

- Durante o recreo o alumnado estará en calquera dos patios asignados e no patio cuberto cando as condicións meteorolóxicas impidan a estancia no patio descuberto.
- O comportamento no patio será o correcto en todo momento. Terase especial coidado en non arroxar desperdicios ao chan, senón nos recipientes colocados ao efecto.
- O alumnado será puntual no momento de tocar o timbre situándose na súa fila. E non poderá dirixirse á aula con gomas de mascar, bolsas con comida ou latas de refresco ou botellas de auga.
- O alumnado non poderá manter contacto co exterior do centro nin cos móbiles nin escalando polos portalóns de acceso ao colexio.
- O alumnado poderá mercar o bocadillo mantendo orde e corrección mentres espera ata o momento de ser atendido.
- Uso dos balóns: só poderán empregar os balóns que traian os propios alumnos. Non empregarán balóns do ximnasio. De non empregalos de forma correcta (poñendo en perigo a integridade dalgún membro da comunidade educativa, atentando contra as instalacións do centro ou desobedecendo ás indicacións), poderán ser retirados polo profesorado de garda ata que estes decidan.
- O alumnado estará baixo vixilancia de dous profesores/as.
- Protocolo de baixada ao recreo:
 - ✓ Cada profesor/a baixa co seu curso.



- ✓ O/a profesor/a que teña alumnado que necesite ascensor, enviará ao encargado a secretaría para pedir as chaves e ao resto do alumnado cun compañeiro/a, vixiando que fagan a baixada correctamente.
 - ✓ Logo se encarga do alumnado de ascensor.
 - ✓ Ao rematar devolve a chave a secretaría.
- Protocolo de subida ás aulas tralo recreo:
 - ✓ Cando remate o recreo, o alumnado se colocará en filas e o profesorado coa fila que teña clase.
 - ✓ O/ a profesor/a de garda e/ ou reforzo se colocará na entrada ao edificio das aulas para supervisar a subida do alumnado e que non haxa ningún curso sen profesor/a. De ser así, se encargará de acompañar a ese curso á clase. Ao rematar pedirá a chave en secretaría e subirá ao alumnado que necesite do ascensor, proseguindo despois co reforzo ou garda que tiña asignada, unha vez devolta a chave.
 - ✓ Na subida da ESO:
 - Sube o alumnado de 1º e 2º da ESO pola escaleira principal, acompañados do/a profesor/a correspondente.
 - No mesmo intre, sube o alumnado de 3º e 4º da ESO, pola escaleira de emerxencia acompañados do/a profesor/a correspondente.

5.1.11 Servizos

1. Os servizos serán utilizados con corrección e deberase coidar especialmente a súa limpeza.
2. O alumnado de Infantil e Primaria sairán a servizos cando o requiran (teñen indicador na aula: semáforo) e os alumnos de ESO utilizarán os baños antes de baixar ao recreo, excepto urxencia. Non permanecerán dentro dos servizos máis de 2 alumnos/as. O profesorado deberá manter certo control e vixilancia no uso dos aseos, para evitar incidentes. Deberán revisar tamén que non queden alumnos/as no baño antes de baixar ao recreo.
3. Como o alumnado non pode saír da aula entre unha sesión de clase e a seguinte, solicitará ao profesor durante a sesión de clase o permiso necesario. De ser concedido, poderá acudir e regresará canto antes.
4. Cando un alumno ou alumna obteña este permiso. Salvo excepcións, que o profesor valorará, non se concederán permisos para acudir ao servizo durante a primeira hora,



durante a hora seguinte ao recreo, nin cando falten 15 minutos para saír ao recreo ou para finalizar a xornada escolar. Non poderá saír máis dun alumno/a á vez.

5. A limpeza das pintadas en portas, paredes ou teito correrá a cargo de quen as realice.

6. Ocultarse no servizo ou noutras dependencias, durante as horas de clase ou o recreo é considerado falta leve.

5.1.12 Normas de utilización da aula de Informática

1. O encargado de abrir a aula será sempre o profesor/a.
2. Cada alumno/a debe sentarse sempre no mesmo posto.
3. Antes de acender o computador cada alumno debe comprobar que todo está en orde e non hai danos. Pola contra, farase responsable dos mesmos.
4. As mesas deben permanecer limpas como as de calquera aula.
5. Non se escribirá nada nas carcadas do computador ou nas pantallas.
6. Está terminantemente prohibido instalar programas.
7. O alumno/a tomará as debidas precaucións para evitar as infeccións nos computadores de aula.
8. Só se poderán consultar por Internet as páxinas que estean relacionadas coa actividade de clase. Non está permitida nin a consulta nin o uso de páxinas ou programas de Chat.
9. Ao saír a última hora, deixará o posto limpo, o equipo apagado correctamente e a cadeira xunto á mesa.
10. O alumno/a é responsable do seu computador e no caso de que gardara traballos nel e estes non apareceran non se poderá pedir responsabilidades a ninguén.
11. Estas normas xunto co Protocolo da Aula de Informática deberán ser respectados e cumpridos por todos os grupos e profesorado que acceda á mesma.

5.1.13 Normas de utilización da Biblioteca

Como norma xeral, son de aplicación as normas de convivencia que afectan o Centro e que están recollidas neste Plan de Convivencia. Ademais, por tratarse dunha dependencia cunhas características específicas, manteranse as normas seguintes:

1. O horario de apertura da Biblioteca será aquel que o Equipo directivo determine para cada curso escolar e que estará exposto na porta da mesma.



2. A Biblioteca é un lugar de traballo e de lectura. Manter silencio é indispensable.
3. Os alumnos que non manteñan o comportamento debido nas instalacións da Biblioteca poderán ser expulsados da mesma polo profesor encargado, ademais de poder ser sancionados segundo as normas de convivencia do Centro.

5.1.14 Normas de comedor escolar

Os alumnos mostrarán corrección no comportamento, na comida e no uso deste servizo e serán de aplicación as medidas correctoras do Plan de Convivencia, mentres estean nas instalacións do centro.

5.1.15 O uniforme escolar

1. Será de uso obrigatorio o mandilón, modelo do Colexio, para os alumnos dos cursos E. Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria, debendo telo marcado co seu nome.
2. Será de uso obrigatorio o chándal en Ed. Primaria e ESO para a área de E.F. e outras actividades que determine o profesorado. Será o modelo do Colexio, marcado co seu nome, que consta de: pantalón azul marino e sudadeira granate co escudo do colexio, camiseta branca co escudo e zapatillas deportivas.
3. Para Ed. Infantil será de uso obrigatorio como uniforme o chándal de algodón, modelo do Colexio, debendo telo marcado co seu nome. Consta de pantalón longo ou curto (para verán) azul marino, sudadeira granate, camiseta branca e calzado deportivo.
4. Será de uso obrigatorio o uso do uniforme, modelo do colexio, que consta de pantalón ou falda gris, polo branco co escudo do colexio e chaqueta de punto de cor granate co escudo, en todos os cursos de Primaria, 1º, 2º e 3º de ESO, continuando progresivamente, ata a totalidade do alumnado. O obxectivo é conseguir o uso do uniforme en todos os cursos no espazo de tempo máis breve posible. De acordo co Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro (DOG núm.32, do 17 de febreiro de 2016) e conforme co acordo do Parlamento de Galicia do 20 de novembro de 2018 sobre igualdade, o centro considera a opción de que as alumnas poidan elixir acudir ao centro educativo con falda ou pantalón do uniforme.
5. O Colexio non se fará cargo do extravío de prendas, obxectos e materiais dos nenos ou calquera deterioro causado nos mesmos.
6. Os alumnos/as deberán asistir ó Colexio vestidos con corrección, absténdose de traer como pantalóns, prendas de uso de praia o prendas que exhiban de forma



notoria partes impúdicas do corpo (ex: pantalóns caídos, pantalóns moi curtos, tops demasiado curtos ou con escotes pronunciados). En xeral, o aspecto dos alumnos/as será o adecuado para realizar a actividade escolar, asegurándose que non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.

7. Non usarán gorras, chapeus, gorros na aula... asistirán coa cabeza descuberta, excepto que haxa unha actividade que requira o seu uso, retirándose unha vez finalizada ésta. Tampouco se permitirá o uso de gafas de sol ou complementos innecesarios: cadeas colgadas nas cazadoras ou outros, nas instalacións do Centro, por motivos de seguridade.
8. Para Ed. Primaria e ESO o non traer a equipaxe de Ed. Física suporá o non facer a práctica da mesma e polo tanto será tido en conta nos criterios de avaliación da área. Nesa sesión se lle proporcionará outro traballo académico para non interromper a súa formación.
9. Se evitarán piercings, pendentes, cadeas, cadeas con tachuelas ou abalorios cos que se podan mancar para realizar a actividade de Ed. Física.

5.1.16 Uso de teléfonos móbiles e aparellos electrónicos de son e imaxe e uso de internet.

1. Se un alumno necesítase facer unha chamada urxente, comunicarao ao profesor, quen tras valorar a situación autorizará ao alumno a acudir á secretaría.
2. Se un alumno recibise unha chamada de carácter urxente, o persoal de secretaría ou o profesor de garda transmitirían a mensaxe ou darían o permiso para atender a chamada canto antes.
3. Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos (MP3s, auriculares, tablets, cámaras..) como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente o centro, poderá establecer normas para o seu uso como ferramenta pedagóxica.
4. Os teléfonos móbiles, cámaras de fotos, aparellos reprodutores de música, etc., que sexan utilizados, do modo que fora, en lugares non permitidos serán entregados en secretaría ou Xefatura polo-a profesor-a (apagados) e devoltos ao final da xornada escolar xunto coa sanción correspondente. En caso de reiteración da falta, tomaráanse outras medidas.



5. Ao non ser este tipo de aparellos considerados necesarios para o traballo diario, o Centro desaconsella que se traian e non se fará responsable das perdas ou subtraccións que puidesen producirse, sendo o seu propietario o único responsable.
6. Os auriculares deste tipo de aparellos non poderán estar á vista. De estalo procederase como no caso anterior.
7. De acordo coa lexislación vixente non está permitido fotografar nin filmar ás persoas sen o seu consentimento ou o dos seus pais se son menores de 14 anos. Tampouco a súa publicación en redes sociais.
8. No caso de que algún membro da comunidade educativa fose obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o centro porá os feitos e probas, se dispuxese delas, a disposición das autoridades pertinentes e será parte autora no caso e tomaráanse as accións oportunas.
9. Non está permitido mostrar nin difundir entre os membros da comunidade educativa calquera tipo de publicación en formato papel ou reproducida a través de teléfonos móbiles ou outros aparellos, imaxes ou contidos que se consideren inadecuados e contrarios á actividade educativa dun centro. Ex.: tratos degradantes, vexacións ou agresións...tomando como referencia en materia de protección de datos de carácter persoal a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro e o Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) aplicable desde o 25 de maio de 2018.

5.1.17 Medicamentos, alerxias ou outro tipo de enfermidades.

1. Sempre que un alumno/a amose síntomas de febre, malestar, enfermidades contaxiosas, deberá permanecer na súa casa.
2. Salvo que o centro teña persoal sanitario, **non se debe administrar ningún medicamento** a ningún alumno/a, salvo autorización expresa, e por escrito, dos pais ou titores legais. Así como ó alumnado inscrito no Programa de Alerta Escolar, que serán autorizados e prescritos por un médico do 061, en caso de urxencia. No caso de suministro de medicamentos de carácter puntual (ibuprofeno, paracetamol, acetilsalicílico, etc)
3. Non é obrigatoria a realización de curas ou cambio de vendaxes, salvo que sexan actuacións simples (colocar un apósito, desinfectar unha ferida..)
4. Alumnado con **enfermidades crónicas**: Na práctica os pais ou titores legais aportan un certificado médico no momento da súa matriculación sobre a medicación que debe tomar e as autoanálises que se deben realizar. Neste caso o persoal deberá seguir as seguintes pautas:



- **Os docentes poden administrar medicamentos** previa presentación de receita ou informe médico que especifique a necesidade de administrar o fármaco, a súa dose e frecuencia.
 - Soamente **será obrigatoria** dita administración por vía oral (píldoras, xaropes, etc. Non será obrigatoria a súa administración por vía parental (inxectables, supositorios..) que quedarán en mans exclusivamente do persoal sanitario, ou , no seu caso, dos propios pais ou titores.
5. Cando un alumno/a padeza un tipo de enfermidade que poida orixinar convulsións, ex: epilepsia, outras, e requira un tipo de medicación específica, como diabetes, os pais/nais deberán presentar diagnose da mesma, xunto coa medicación a administrar, polo facultativo correspondente e asinarán a autorización para a súa administración e inclusión no programa sanitario do Sergas de Alerta Escolar.
 6. No caso de **perigo grave ou risco inmediato para a vida**, deberá valorarse a actuación segundo as circunstancias do caso (por exemplo, esganamento). Se é posible avisarase ao 061 e, no seu caso, trasladarase a un centro sanitario.
 7. Nos demais casos, para calquera atención sanitaria se remitirá ao alumnado a un centro de saúde de referencia, ben o do seu seguro, ou o do centro se o ten contratado.

5.1.18 Alcohol, tabaco e outras drogas.

1. A lexislación vixente prohibe a venda, distribución e consumo de bebidas alcohólicas nos centros educativos. Igualmente esta prohibido distribuír entre o alumnado carteis, invitacións ou calquera tipo de publicidade na que se mencionen bebidas alcohólicas, as súas marcas, empresas produtoras ou establecementos nos que se realice o seu consumo. Contravir esta norma será considerado falta grave.
2. Conforme a lexislación vixente non está permitido fumar en ningunha dependencia do centro, nin nas súas inmediacións. Real Decreto-**lei 17/2017**, de 17 de novembro, polo que se modifica la **Lei 28/2005**, de 26 de decembro.
3. Cando exista a sospeita de que un/ha alumno/a teña no seu poder algunhas destas substancias prohibidas, calquera profesor/a está facultado para esixir que o/a alumno/a que mostre os seus obxectos persoais contidos dos petos, mochilas, cazadoras, abrigos etc. De negarse a facelo, será considerado desacato á autoridade pública, sancionado con falta grave. Isto afecta tanto á posesión dentro do recinto escolar como durante as actividades complementarias e extraescolares. O obxecto ou sustancia requirido será depositado polo profesorado na dirección do centro coas



debidas garantías, quedando á disposición dos pais ou titores legais unha vez rematada a xornada escolar ou actividade complementaria ou extraescolar. *Lexislación de referencia DOG do venres 15 de xullo de 2011, artigo 11 sobre a condición de autoridade pública do profesorado.*

4. A posesión, o consumo, a distribución ou venda de drogas considéranse faltas graves e darán lugar ás actuacións xudiciais que procedan.

5.1.19 Asistencia a clase e xustificación de faltas.

1. A asistencia a clase é obrigatoria e é responsabilidade do alumnado e dos seus pais ou titores legais.
2. Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:
 - a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
 - b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
 - c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames o probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
 - d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos durante o curso académico correspondente.
 - e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non (artigo 22 do Decreto 229/2011 do 7 de decembro).

3. Todas e cada unha das faltas de asistencia deben ser xustificadas polos seus pais ou titores legais nun prazo non superior a tres días desde a reincorporación ao Centro e con xustificación médica ou similar en caso de faltar a exames de avaliación. Estes deberanse entregar ao/á titor/a.
4. Cando un alumno ou alumna menor de 16 anos falte sen xustificar máis do 10% de horas nun mesmo mes, seralle requirida á familia unha xustificación de ditas faltas por parte do/a titor ou titora, en cumprimento da lexislación vixente sobre absentismo escolar. As alegacións para a xustificación destas faltas deberán necesariamente vir acompañadas de documentación externa, como xustificantes de citas médicas, etc. De



non seren xustificadas convenientemente, iniciárase o Protocolo de Absentismo Escolar da Xunta de Galicia, Decreto 229/2011 do 7 de decembro no artigo 22. Seguindo ademais as instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia

5. Considérase atraso sempre que un alumno entre a clase despois do profesor.
6. Non entrar a clase estando no centro considérase falta leve.
7. Cando unha parte dun grupo realice unha actividade complementaria ou extraescolar, na que non participen, teñen a mesma obriga de asistir a clase que calquera outro día.
8. A ausencia dun alumno a unha proba específica de avaliación deberá ser comunicada con antelación, se estaba prevista, e necesariamente xustificada con documentación se alegase motivo de enfermidade ou outro motivo que posibilite a xustificación externa á familia. Só en caso de ausencia xustificada o profesor estará obrigado a facer unha nova e única proba, cando se incorpore e no día seguinte no que teña a materia correspondente de exame. En caso de nova ausencia, aínda sendo xustificada, non se repetirá a proba.
9. O alumnado que se atope enfermo non poderá acudir ao centro. Só se autorizará a súa asistencia para realizar probas específicas de avaliación e unicamente cando o seu estado de saúde o permita.
10. O alumno que falte a clase por causa xustificada ou inxustificada, debe preguntar aos seus compañeiros polo traballo que encargue cada profesor en clase.

5.1.21 Delegados/Encargados de grupo-aula

1. Serán nomeados polo/a titor/a correspondente, exercéndoo ao longo de curso todos os alumnos do mesmo, exceptuando aqueles alumnos/as que lle fosen aplicadas medidas correctivas por unha falta grave, ou moi grave, ou expulsión durante o mesmo.
2. Exercerán as funcións que lle sexan encomendadas polo titor ou polo resto do profesorado durante o horario lectivo.
3. Encargarase de pedir o material de papelería ou fotocopiadora que lle requiran os/as seus/súas compañeiros/as cubrindo a folia de rexistro para este fin e facéndoo 5 minutos antes da hora de baixada ao recreo do grupo.



4. Acompañará, sempre que llo indique un/ha profesor/a, a un/ha alumno/a á Aula de Convivencia.
5. Acompañará a calquera compañeiro/a que se atope indisposto á Secretaría do Centro para avisar á familia ou ao comedor en caso de querer tomar unha infusión e volvendo á aula de forma inmediata. E no caso de que sexa acompañado por outro/a compañeiro/a en ausencia do delegado, este debe facelo da mesma forma.
6. Estará a disposición de calquera profesor/a do grupo para intercambiar avisos entre os membros da Comunidade Educativa ou con Secretaría.
7. Comunicará aos encargados do material de baño (falta de papel hixiénico, xabón,...) cando sexa necesario a súa reposición.

5.1.22 Normas de comportamento fóra do recinto escolar:

1. Os alumnos comportaranse coa maior corrección e respecto cara ao profesorado, compañeiros/as, persoal de servizos e outras persoas seguindo as indicacións que se lles fagan.
2. Usarán con todo coidado as instalacións e o material dos diversos lugares nos que se atopen.
3. Coidarán o seu aspecto persoal.
4. O alumnado deberá cooperar nas iniciativas que se lles propoñan e amosarán actitudes solidarias e voluntarias na execución das mesmas.
5. En caso de faltas, será de aplicación o NOF do Centro e no Plan de Convivencia.
6. No caso de cometer faltas graves durante excursións ou convivencia de varios días e que impliquen a expulsión inmediata dese/a alumno/a da mesma, será comunicada á familia para que se encargue do traslado dese/a alumno/a a casa facéndose cargo dos gastos económicos que se deriven.

5.2 NORMAS DE CONVIVENCIA

5.2.1 Dereitos e deberes do alumnado

Se recoñecen no alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sin prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa so pleno desenvolvemento da personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.



- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeros ou compañeras á educación.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.
- Intervir, a través dos cauces regulamentarios, en todo aquilo que afecte á convivencia do centro.
- Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

5.2.2 Dereitos e deberes do profesorado

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.



- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- Dereito a recibir unha formación e actualización permanente.
- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
- Dereito á liberdade de ensino respectando a lexislación vixente.
- Dereito a que se lle informe da situación xeral do centro, dos diferentes proxectos, dos acordos establecidos, da oferta educativa e de todo o que ten que ver cun traballo compartido e un funcionamento democrático.
- Dereito a ser electores e elixidos nos órganos colexiados do centro.
- Dereito a utilizar o material e as instalacións escolares para desenvolver o seu labor pedagóxico no centro.
- Dereito a reunirse cos pais/nais dos alumnos/as.
- Dereito a expoñer as súas ideas ou suxerencias, directamente ou mediante os seus representantes libremente elixidos.
- Dereito a requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Así mesmo, o profesorado terá os seguintes **deberes**:

- Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases, as actividades, os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas



contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Deber de respectar e coidar os recursos materiais que lle sexan proporcionados para o seu traballo.
- Deber de colaborar no funcionamento xeral do centro e dos diferentes servizos.
- Deber de formar parte do Claustro e asistir a cantas reunións sexan convocadas.
- Deber de asistir puntual e asiduamente ao centro, debendo xustificar a súa ausencia.
- Deber de vivir activamente nos recreos.

5.2.3 Dereitos e deberes das familias/titores legais

As nais e pais ou as titoras/as, en relación coa educación dos seus fillos/as, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
- A ser oídos, nos termos previstos por este documento, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.



Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as, teñen os seguintes **deberes**:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co Centro.
- Coñecer as normas establecidas polo centro educativo, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar co centro educativo na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.

5.2.3.1 DEREITO Á OBXECTIVIDADE NA AVALIACIÓN E RECLAMACIÓN DE CALIFICACIÓNS

Atendendo ao disposto na ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato e o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, o noso centro fai públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que o equipo directivo e o equipo docente estableceron no noso portal web e no centro ademais de na proposta curricular e nas programacións didácticas.

O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización e funcionamento, ao profesorado e á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá **unicamente as cualificacións finais**.



Calendario de reclamacións das cualificacións e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e 1º Bacharelato

Trámites e actuacións		Prazo
Presentación	Reclamación formal ante a dirección	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente ou departamento didáctico)	Primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión

En canto as revisións das probas escritas do alumnado por parte das familias/tutores legais temos que ter en conta os criterios de confidencialidade e de organización docente para as mesmas.

As tutorías, en primeira instancia, serán as encargadas de proporcionar e trasladar ás familias toda a información necesaria dos docentes relativas ás devanditas probas. Debemos de ter en conta que, a interpretación, os criterios e as correccións de cada docente, deben ser trasladados á familia a través da tutoría e é ese un proceso que require tempo e unha fluída comunicación entre os diferentes departamentos.

Nunha segunda instancia, levarase a cabo una solicitude firmada por escrito na secretaría do centro á atención da Xefatura de Estudos na que deberase especificar as probas con dereito a revisión: docente, materia, avaliación, proba e data da mesma. Unha vez

recopilada a información e trasladada á tutoría concertarase unha reunión para a revisión das mesmas.



PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O obxectivo deste protocolo é establecer os procedementos a seguir para aplicar as correccións necesarias cando se detecten condutas ou actos contrarios aos dereitos e deberes de tódolos membros do noso centro educativo, así como as normas de convivencia reguladas no NOFC (Normas de Organización de Funcionamento de Convivencia) do centro.

Enténdese a actuación disciplinaria como una parte da nosa actividade encamiñada a:

1. Comprender e respectar os límites propios que definen a dignidade de toda persoa, así como o dereito á educación de todos e cada un dos/as alumnos/as.
2. Evitar tanto a impiedade das condutas contrarias as normas de convivencia, como unha resposta desproporcionada, aleatoria ou discriminatoria fronte a elas.
3. Reparar, no posible, o dano que certas condutas e actos ocasionan na comunidade e nas persoas que a compoñen.
4. Favorecer cambios na integración emocional dos conflitos e na aprendizaxe de condutas alternativas para afrontar os momentos de tensión e conflito.
5. Contribuír a diferenciar coa maior claridade posible entre agresores e vítimas.
6. Incorporar as normas de convivencia e as medidas correctivas como elementos propios das sociedades democráticas.

O proceso de actuación disciplinaria, segundo as pautas establecidas neste protocolo, deberá ser iniciado por calquera profesor/a que presencie unha conduta incorrecta ou lle chegue a denuncia dunha conduta incorrecta.

Segundo a tipificación que o/a profesor/a faga desta conduta, aplicará a actuación que corresponda e deixará constancia da mesma nos **registros de faltas de convivencia, que se atopa nas axendas das titorías** correspondentes.

Os/as titores/as terán un modelo (Ficha de recollida de faltas de convivencia) que manterá actualizado para a análise da situación de convivencia no seu grupo.



5.3 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Segundo o Decreto 8/2015 do 8 Xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, as condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

A. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia (*prescriben aos 4 meses da súa comisión*).

1. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais (*prescriben ao ano da súa imposición*)
2. *Protocolo de actuación ante a comisión dunha falta grave*
3. Responsables da aplicación das medidas para condutas graves

B. Condutas leves contrarias á convivencia (*prescriben ao mes da súa comisión*).

1. Medidas correctoras das condutas levemente prexudiciais (*prescriben aos 4 meses da súa imposición*)
2. *Protocolo de actuación ante a comisión dunha falta leve*
3. Responsables da aplicación das medidas para condutas leves

5.3.1 Gradación das medidas correctoras

5.3.1.1 Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As **agresións** físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de **discriminación** grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social..
- c) Os actos individuais ou colectivos de **desafío á autoridade** do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou **difusión** por calquera medio de **imaxes** ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan **acoso** escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.



- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a **falsificación, alteración ou subtracción** de documentos académicos.
- g) Os **danos graves** causados de forma intencionada ou por descoido grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os **actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades** do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente **prexudiciais para a saúde** e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera **obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso** para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase **indisciplina grave** a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A **reiteración**, nun mesmo curso escolar, **de condutas leves** contrarias á convivencia.
- l) O **incumprimento das sancións impostas**

1. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS
(prescriben ao ano da súa imposición)

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo e/ou recreo ata 2 semanas.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado



deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Aquelas condutas de discriminación ou acoso, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

g) Presentación de excusas e recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou privado, segundo se determine. En conductas a),b),c). Sen prexuízo doutras medidas.

h) Apertura de expediente disciplinario: cando se considere oportuno dependendo da gravidade da falta.

2. PROTOCOLO ACTUACIÓN EN CASO DE COMETER CONDUCTAS GRAVES:

a) Por escrito, cumprimentar a ficha de asistencia á Aula de Convivencia, cando non sexa resultado de acumulación de faltas leves e sexa aconsellable a non permanencia do/a alumno/a na aula.

b) Comunicar ao/á titor-a e á Xefatura ou Dirección.

c) Citar aos pais por calquera medio de comunicación inmediata que poida deixar constancia de terse realizado e a súa data.

d) De non comparecer os pais, proseguirase co proceso de corrección.

e) O/a profesor/a testigo da comisión da falta, redatará xunto co Xefe de Estudos un parte de comunicación da falta para a familia.

f) Notificar aos pais ou tiro/a legais a resolución nun prazo máximo de 12 días lectivos. O Xefe de Estudos ou Directora leralles o apercibimento de amoestación por falta grave para que o firmen, e establecerá con estas medidas de corrección para unha modificación da conduta. O apercibimento será custodiado polo Xefe de Estudos ata fin de curso, momento en que o incorporará ao expediente do/a alumno/a.r

g) O/a titor/a poderá acompañar ao Xefe de Estudos ou Directora na cita cos pais ou titores legais para aportar calquera información relevante.

h) Comunicar á Inspección.



Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

Aplicarase o establecido nos artigos 49, 50 e 51 do decreto 8 / 2015 do 8 de xaneiro para procedementos conciliados (que pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna correxido/a e da súa familia, ofrecendo a posibilidade de que a persona agraviada sítase valorada, axudando a consensuar as medidas correctoras e facilitando a inmediatez da corrección educativa) e nos artigos 52 e 53 para os procedementos comúns (que utilizaranse cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.)

3. RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS PARA CONDUCTAS GRAVES

A **dirección** do centro, a proposta da persona que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 do DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar., de conformidade cos procedimientos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.

5.3.1.2 Son condutas leves contrarias á convivencia nos centros docentes: (prescriben ao trimestre da súa comisión)

- 1) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea



PLAN DE CONVIVENCIA 2023-2024

g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

2) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.

3) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

4) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

5) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

6) Uso indebido das TIC e da Plataforma Edixgal.

MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVEMENTE PREXUDICIAIS (prescriben aos 4 meses da súa imposición)

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo e/ou horario de recreo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.



- i) Retirada dos aparellos electrónicos polo-a profesor-a ata o final da xornada, de non obedecer ao primeiro aviso para gardalos. Serán custodiados en secretaría ou Xefatura.
- j) Recollida ou limpeza no caso de lixar as instalacións ou mobiliario.
- k) Reparación dos danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, ás instalacións e materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Restitución, así mesmo, do substraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. Responsables civís os pais ou titores legais.
- l) Presentación de escusas e recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou privado, segundo se determine. Sen prexuízo doutras medidas.

PROTOCOLO ACTUACIÓN EN CASO DE COMETER CONDUCTAS LEVES

- a) O/A profesor/a enviará ao alumno/a á **aula de Convivencia** e cubrirá un **parte de amoestación** que quedará rexistrado na axenda de titoría e entregado á Xefatura de Estudos (REXISTRO DE NOTIFICACIÓNS. Anexo 1) e o/a alumno/a deberá entregalo asinado polos pais/nais/ titores legais ao mesmo docente xunto co traballo proposto. O profesor/a deberá entregar o parte recollido á Xefatura de Estudos para a súa custodia.
 - **1º Parte.-** Medida correctora: traballo específico ou posta ao día do traballo pendente de realización na aula de convivencia (se é necesario o seu envío) ou na casa, sempre que a falta estea relacionada coa ausencia de traballo. De non ser así (impuntualidade, desobediencia, estragar algo...) trataremos de non incluír como corrección o traballo senón outras medidas máis acorde coa falta.
 - **2º Parte.-** Medida correctora: as dispostas no cadro “sancións para conductas reiteradas”
 - **3º Parte.-** Cando o/a alumno/a cometa a **3ª** conduta leve, **será computada como unha conduta contraria grave** e requirirá a medida correctora correspondente atendendo ao disposto na lei 4/2011 e no Decreto 8/2015 de convivencia escolar.

3. RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS PARA CONDUCTAS LEVES

- a) O **profesorado** da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c).
- b) A titora ou **titor** da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d).



A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Os alumnos-as que se lles aplique a suspensión do dereito a asistencia a determinadas clases ou asistencia ao centro, poderán mostrar o seu **desacordo**, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección, que ratificará ou rectificará a medida correctora.

A corrección das condutas **deben corrrixirse sempre** en calquera tipo de actividade, dentro e fóra do recinto escolar e durante a prestación de servizos como o comedor.

AGRAVANTES, ATENUANTES.

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

LEVANTAMENTO DE SANCIÓNS

O alumnado sancionado poderá solicitar por escrito o levantamento da corrección imposta pola Comisión de Convivencia antes de finalizar o período completo. Para a admisión a estudo da solicitude deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- Cumprir polo menos o 50% do período de suspensión.
- Achegar os traballos asignados realizados na súa totalidade.
- Non utilizar este procedemento no mesmo curso académico máis dunha vez.



6. TIPIFICACIÓN DE FALTAS E SANCIONES

6.1 FALTAS LEVES

FALTAS	LEVES Reiterar a falta leve 3 veces considerárase grave	SANCIONES	SANCIONES PARA CONDUCTAS LEVES REITERADAS
<p>F1 Facer mal uso do vocabulario e non dirixirse correctamente aos compañeiros e profesores</p>	<p>FL1 Considerárase falta leve facer mal uso do vocabulario ou xestos non premeditados que se acompañen de desculpas/explicación.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal.</p> <p>Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos.</p> <p>a) Será apartado da actividade/aula e deberá realizar un traballo específico marcado polo profesor, o titor ou o equipo directivo dentro do horario escolar na <u>A.C por un período de entre 1 e 3 días lectivos</u></p> <p>b) <u>Actividades complementarias:</u> O/a alumno/-a poderá permanecer no colexio traballando en lugar de realizar a seguinte actividade complementaria prevista.</p> <p>c) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de entre 1 a 3 días.</p>
<p>F2 Non respectar nin seguir as indicacións, tanto dentro da clase como no resto do recinto escolar, así como nas actividades relacionadas co centro</p>	<p>FL2 Considerárase falta leve a desobediencia acompañada de desculpas/explicacións.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal.</p> <p>Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos.</p> <p>a) Será apartado da actividade/aula e deberá realizar un traballo específico marcado polo profesor, o titor ou o equipo directivo dentro do horario escolar na <u>A.C por un período de entre 1 e 3 días lectivos</u></p> <p>b) <u>Actividades complementarias:</u> O/a alumno/-a poderá permanecer no colexio traballando en lugar de realizar a seguinte actividade complementaria prevista.</p>



PLAN DE CONVIVENCIA 2021-2022

<p>F3 Perturbar o normal desenvolvemento da clase, que distraia ou moleste aos compañeiros</p>	<p>FL3 Considerarase leve se non atenta contra o dereito para aprender dos compañeiros.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal.</p> <p>Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos.</p> <p>a) Será apartado da actividade/aula e deberá realizar un traballo específico marcado polo profesor, o titor ou o equipo directivo dentro do horario escolar na <u>A.C por un período de entre 1 e 3 días lectivos.</u></p> <p>b) <u>Actividades complementarias:</u> O/a alumno/-a poderá permanecer no colexio traballando en lugar de realizar a seguinte actividade complementaria prevista.</p>
<p>F4 Permanecer sen permiso dun profesor nas aulas ou nos corredores durante o recreo ou despois das clases.</p>	<p>FL4 Considerarase leve se non atenta contra o dereito para aprender dos compañeiros.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal.</p> <p>Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos.</p> <p>a) Será apartado da actividade/aula e deberá realizar un traballo específico marcado polo profesor, o titor ou o equipo directivo dentro do horario escolar por un período de entre 1 a 3 días.</p> <p>b) <u>Actividades complementarias:</u> O/a alumno/-a poderá permanecer no colexio traballando en lugar de realizar a seguinte actividade complementaria prevista.</p>
<p>F5 Usar o móbil no Centro Educativo</p>	<p>FL5 Considérase falta leve que soe de forma non deliberada.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal.</p> <p>Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra.</p> <p>Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Asistencia á A.C para realizar as tarefas habituais e unha proposta de traballo relacionada coa devandita falta. Retiraráse o móbil. Pódeselle requisar na secretaría no tempo e nas condicións que estime o equipo directivo.</p>



PLAN DE CONVIVENCIA 2021-2022

<p>F6 Negarse a facilitar información procedente do centro á familia</p>	<p>FL6 Considérase falta leve que non sucedese deliberadamente.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos.</p>
<p>F7 Deteriorar as condicións de hixiene e limpeza do centro ou romper algunha cousa</p>	<p>FL7 Considérase falta leve que non sucedese deliberadamente.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Deberá repoñer ou abonar os danos ocasionados.</p>
<p>F8 Insultar, faltar ao respecto, amosar unha actitude desafiante cara a calquera membro da comunidade educativa</p>	<p>FL8 Considérase falta leve se amosa arrepentimento e pide desculpas de xeito inmediato.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Deberá realizar un traballo específico marcado polo profesor, titor ou o equipo directivo relacionado coa devandita falta, ademais das tarefas habituais das súas materias na aula de convivencia por un período de 2 días lectivos.. <u>Proposta de suspensión dunha actividade complementaria.</u> <u>Traballo no centro.</u></p>



PLAN DE CONVIVENCIA 2021-2022

<p>F9 Usar a violencia verbal, física ou discriminatória entre compañeiros</p>	<p>F9 Considérase falta leve se amosa arrepentimento e pide desculpas de xeito inmediato e non acada a gravidade requerida.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Expulsarase durante 3 días.</p>
<p>F10 Agredir fisicamente a calquera membro da comunidade educativa</p>	<p>F10 Considérase falta leve se amosa arrepentimento e pide desculpas de xeito inmediato e non acada a gravidade requerida.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de falta que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Expulsarase durante 3 días.</p>
<p>F11 Empregar obxectos ou sustancias perigosas para a saúde ou integridade persoal.</p>		<p>Retirada do obxecto /Familias virán a recollelo. Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda / cifra. Redactarase un parte de falta que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Retiraráselle e devolveráselle aos seus pais. Expulsión de 3 días.</p>
<p>F12 Posuír obxectos que poidan danar as instalacións ou persoas.</p>	<p>FL12 Considérase falta leve a posesión de obxectos que poidan danar as instalacións ou persoas.</p>	<p>Retirada do obxecto /Familias virán a recollelo. Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Deberá pedir desculpas e mostrar arrepentimento.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Retiraráselle e devolveráselle aos seus pais. Expulsión de 3 días.</p>



PLAN DE CONVIVENCIA 2021-2022

<p>F13 A inasistencia a clase e as faltas reiteradas de puntualidade inxustificadas</p>	<p>FL13 Considérase leve a impuntualidade reiterada no tempo.</p>	<p>Permanecerá na AC dende que chega ao Centro ata a seguinte sesión correspondente.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Aplicarase o Protocolo de Absentismo Escolar.</p>
<p>F14 A reiterada asistencia ao centro sen o material, uniformidade e equipamento preciso</p>	<p>FL14 Considérase leve a asistencia ao centro sen o equipamento e material preciso.</p>	<p>Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. <u>Actividades complementarias:</u> O/a alumno/-a poderá permanecer no colexio traballando en lugar de realizar a seguinte actividade complementaria prevista.</p>	
<p>F15 Copiar nas probas de avaliación</p>	<p>FL15 Considérase leve o feito de copiar nunha proba de avaliación.</p>	<p>Calificarase cun cero <u>nesa proba en concreto</u>. Notificación á familia: axenda/cifra.</p>	
<p>F16 Uso indebido das novas tecnoloxías da información e da comunicación. E-dixgal</p>	<p>FL16 Considérase falta leve o incumprimento puntual dalgún punto do acordo de cesión do proxecto E-Dixgal</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Quedarase sin conexión a internet provisional e traballará cos materiais xa descargados no equipo.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de falta grave que o pai/nai ou titor legal deberá firmar na Xefatura de Estudos. Quedarase sin conexión a internet definitiva (a excepción do que estime o profesorado para unha actividade concreta) e traballará cos materiais xa descargados no equipo. Expulsión de 3 días.</p>
<p>F17 Uso indebido do material alleo o atentar contra a intimidade das persoas.</p>	<p>F17 Considérase falta leve o uso indebido do material alleo e atentar contra a intimidade das persoas.</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal. Permanecerá na AC de 1 a 3 días.</p>	<p>Expulsión de 1 a 3 días</p>



<p>F18 Substración de forma iintencionada de bens da comunidade educativa ou a terceiros</p>	<p>F18 Considérase falta leve a sustración de forma intencionada de bens da comunidade educativa</p>	<p>Notificación á familia: axenda/cifra. Redactarase un parte de amoestación de falta leve que o titor/-a dará a firmar ao pai/nai/titor legal.</p>	<p>A reiteración da falta: Expulsión de 1 a 3 días</p>
--	---	---	--



6.2 FALTAS GRAVES:

O procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, de 30 xuño de convivencia e participación da comunidade educativa .

****Asimesmo, regularanse as medidas correctoras para as devanditas conductas atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 4/2011 e no artigo 39 do Decreto 8/2015 de convivencia e participación da comunidade educativa.***

7. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

A avaliación do Plan de Convivencia realizarase durante toda a aplicación do Plan:

- Inmediatamente despois da realización de cada actividade
- De xeito máis xeral, cada trimestre a través da Comisión de Convivencia.
- De forma global, ao rematar o ano escolar

Na memoria final se recollerán:

- Nivel de consecución de obxectivos propostos.
- Actividades realizadas.
- Grado de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
- Conclusións.
- Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.

A avaliación deberá ser crítica e construtiva con respecto a os obxectivos e actividades para conseguir que cada curso escolar podamos mellorar. Dita memoria será aprobada polo consello escolar e formará parte da memoria anual do centro.

Instrumentos empregados

- Enquisas e cuestionarios de satisfacción
- Análise de documentos (táboas de acumulación faltas, expedientes, etc)
- Actas de reunións dos equipos docentes e do departamento de orientación.
- Comunicados e rexistros de faltas.
- Entrevistas cos/as titores/as



Conclusións e propostas de mellora

Incluíranse na memoria do curso e propostas de mellora nas actas da comisión correspondentes ás reunións do curso



8. ANEXOS

- o Parte de amoestación



PARTE DE AMOESTACIÓN

Poñemos no seu coñecemento que o/a alumno/a _____ do curso _____, foi amoestado/a, por incumprir as normas básicas de convivencia recollidas no plan de convivencia do centro, seguindo a lei do 4/2011 do 30 de xuño e o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA:

- 1. Desobediencia ou indisciplina leve ao/á profesor/a.
- 2. Interromper ou dificultar o normal desenvolvemento das propias clases ou alleas.
- 3. Agresión, inxuria ou ofensa que non alcance a gravidade requirida para ser considerada como gravemente prexudicial.
- 4. Actos de discriminación que non alcancen a gravidade para ser considerada como gravemente prexudicial.
- 5. Lixar, romper ou danar as instalacións ou material tanto do centro como dos membros da comunidade educativa non considerados como graves.
- 6. Empregar obxectos ou sustancias perigosas para a saúde ou integridade persoal.
- 7. Non facilitar á familia información facilitada polo centro ou profesor no prazo requirido.
- 8. Incitar ou estimular unha falta contraria ás normas de convivencia.
- 9. Permanecer sen permiso en instalacións do centro ou non entrar na clase.
- 10. Empregar ou manipular móbiles, reprodutores de música, gravadoras, auriculares, altofalantes..., en calquera instalación do centro durante os períodos lectivos.
- 11. Posuír obxectos que poidan danar as instalacións ou persoas.
- 12. Outros _____

OBSERVACIÓNS



MEDIDAS CORRECTORAS

En Vigo, a ____ de _____ de 20__

Enterado-a pai/nai/titor-a legal

Nota: entregar asinado ao/á profesor/a

Asdo: O/A profesor/a

